

## **ORDENANZA FISCAL Nº 8 REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS**

### **ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA**

No uso das facultades concedidas pola normativa vixente reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola rede de sumidoiros, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

### **ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE**

1. Constitúe o feito imponible da taxa:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de sumidoiros municipal.
- b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a vivendas, aloxamentos, locais, establecementos ou parcelas, a través da rede de sumidoiros municipal (saneamento en baixa).
- c) Conducción dos vertidos da rede de saneamento en baixa á EDAR de Cabo Prioriño, a través do Interceptor Xeral a Estación de Bombeo de A Malata (saneamento en alta).
- d) Tratamento das augas residuais nas EDAR de Pedroso e Sedes (depuración).
- e) A recepción e tratamento do contido de fosas sépticas para o seu posterior tratamento e depuración, nas EDAR de Pedroso e Sedes.

2. Os servizos indicados no apartado 1a), b) e c) do presente artigo serán de recepción obrigatoria, polo que en consecuencia, todos os inmobles enclavados a distancia inferior a cen metros dalgunha arteria da rede de sumidoiros, deberán estar dotados destes servizos percibíndose as taxas correspondentes aínda cando os suxeitos pasivos non realicen o enganche á rede xeral, o incluso se o inmovible se atope sen uso ou sen ocupar, neste caso aboarase a cota de servizo (tanto do saneamento en baixa, coma do saneamento en alta).

Entenderase como vivenda susceptible de ser habitada aquela que dispoña do correspondente certificado de habitabilidade ou, no seu defecto, dos servizos que posibilitan a súa ocupación: subministración de enerxía eléctrica e redes de abastecemento de auga e saneamento, no seu caso, agás no caso de que o inmovible estea declarado en estado de ruína ou presente síntomas manifestos que impidan o uso residencial, circunstancia que deberá acreditarse por informe da Policía Local ou, no seu caso, polos servizos técnicos municipais.

Presumirase que unha vivenda está ocupada cando se produza consumo de auga, de enerxía eléctrica ou de calquera outra subministración.

Para as zonas do Concello de Narón, onde a rede de sumidoiros (saneamento en baixa), verta directamente nunha depuradora de augas residuais (EDAR) de titularidade municipal, será de recepción obrigatoria o servizo indicado no apartado d), non sendo de aplicación o apartado c). Aplicándose a todos os inmobles enclavados a distancia inferior a cen metros dalgunha arteria da rede de sumidoiros, percibíndose as taxas correspondentes (apartados a), b) e d)) aínda cando os suxeitos pasivos non realicen o enganche á rede xeral, o incluso se o inmovible se atope sen uso ou sen ocupar, neste caso aboarase a cota de servizo.

O servizo indicado no apartado d) será de recepción obrigatoria a tódalas fosas sépticas de vivendas ou fosas sépticas asimilables (non procedentes de vivendas pero nas que a contaminación presente na auga residual afluyente á fosa proceda exclusivamente do metabolismo humano), sempre que a capacidade das instalacións municipais o permita.

3. As vivendas, locais comerciais e industriais que dispoñan de subministración a través de Comunidades de augas veciñais e os titulares de actividades industriais, con sistema de captación debidamente autorizado, deberán instalar un contador de medida que permita a súa lectura e comprobación por parte da entidade concesionaria do servizo ó obxecto de determinar a correspondente cota de consumo, polo que o devandito aparello deberá estar situado nun lugar accesible para o persoal lector desta empresa ou técnicos municipais.

No suposto de non instalar este aparello de medida, nun prazo de tres meses dende a comunicación por parte da concesionaria, poderase facturar o consumo autorizado para a captación. Se non se dispón dos datos de consumo autorizado da captación, a concesionaria poderá instalar un caudalímetro na acometida de saneamento, realizando unha estimación do consumo a partir dos datos obtidos do caudalímetro (unha vez descontado o consumo do contador correspondente ao consumo da rede de abastecemento municipal), e repercutindo a tarifa de aluguer do caudalímetro á vivenda/local comercial/industria.

A este consumo, rexistrado polo aparello de medida ou estimado, será de aplicación o indicado no apartado 2 deste artigo.

### **ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO**

1. Son suxeitos pasivos os titulares das vivendas, aloxamentos, locais, establecementos ou parcelas xa sexa como contribuinte ou como substituto do contribuinte.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire a Lei xeral tributaria que sexan:

- a) Cando se trate da concesión de licenza de acometida á rede, os donos, usufrutuarios ou titulares do dominio útil do terreo.
- b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) e c) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios dos terreos do termo municipal beneficiarios dos ditos servizos, calquera que sexa o seu título: donos, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o dono das vivendas, aloxamentos, locais, establecementos ou parcelas, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

### **ARTIGO 4. RESPONSABLES**

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refire a Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala a Lei xeral tributaria.

### **ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA**

#### **CONTÍA**

1. A base do presente tributo, virá determinada:

a) Pola cota de servizo establecida en cada caso máis a cota de consumo. Establecéndose unha cota de servizo e unha cota de consumo independentes para o saneamento en baixa e o saneamento en alta. Taxas que aplicaranse conxuntamente.

b) Para as zonas do Concello de Narón, onde a rede de sumidoiros, verta directamente nunha depuradora de augas residuais (EDAR) de titularidade municipal, será de aplicación unha taxa de depuración en lugar da taxa de saneamento en alta. Constituída por unha cota de servizo mais unha cota de consumo.

c) As cotas de consumo estarán determinadas polo volume de auga consumida por contador. Será o produto do volume de auga consumida por contador por cada trimestre, expresada en metros cúbicos multiplicada polo prezo por metro cúbico correspondente ao tramo de consumo e o grupo de actividade do que se trate (cadros I, II e III).

d) No suposto de que non se practique tal medición por causa imputable ao abonado, ben sexa por non poderse realizar a lectura do contador ou pola inexistencia do mesmo, establecece unha cota de consumo de 10 m<sup>3</sup> mensuais no caso de Usos Domésticos e de 30 m<sup>3</sup> mensuais no caso de Usos Industriais. No caso de que dita imposibilidade mantéñase máis dun trimestre, se tomará como cota de consumo o aforo máximo de captación de auga que a Administración Hidráulica correspondente teña concedida ao usuario para o período de lectura.

e) No caso de usuarios domésticos con alta no servizo de abastecemento, se a falla de medición se debe á carencia de contador, notificarase ao abonado a necesidade de instalación de tal aparello. Pasados tres meses desde dito aviso sen que se proceda á colocación do contador sen alegar causa xustificada, a cota de consumo estimarase en 20 m<sup>3</sup> mensuais.

2. Usos domésticos: No cadro I, II e III fíxanse as cotas de servizo e cotas de consumo para os usos domésticos.

3. Usos industriais e outros: No cadro I, II e III fíxanse as cotas de servizo e cotas de consumo para os usos industriais e outros.

CADRO I: Cotas de servizo e consumo para o saneamento en baixa.

USO	COTA SERVIZO (€/TRIMESTRE)	DENDE (M3/TRIMESTRE)	ATA (M3/TRIMESTRE)	COTA DE CONSUMO (€/M3)
<b>DOMÉSTICO</b>	8,27	0	30	0,0670
		31	45	0,0782
		46	60	0,3593
		61	99999	0,4794
<b>INDUSTRIAL CATEGORÍA I</b>	21,85	0	30	0,1076
		31	90	0,1133
		91	300	0,3055
		301	500	0,4351
		501	1000	0,4771
		1001	99999	0,5180
		0	30	0,1076

<b>INDUSTRIAL CATEGORÍA II</b>	13,91	31	90	0,1133
		91	300	0,2942
		301	500	0,4351
		501	1000	0,4771
		1001	99999	0,5180
<b>INDUSTRIAL CATEGORÍA III</b>	14,91	0	30	0,1076
		31	90	0,1133
		91	300	0,3055
		301	500	0,4351
		501	1000	0,4771
		1001	99999	0,5180
<b>OBRA MENOR</b>	40,13	0	30	0,1076
		31	90	0,1133
		91	300	0,3055
		301	500	0,4351
		501	1000	0,4771
		1001	99999	0,5180
<b>OBRA MAIOR</b>	112,24	0	30	0,1076
		31	90	0,1133
		91	300	0,3055
		301	500	0,4351
		501	1000	0,4771
		1001	99999	0,5180

CADRO II: Cotas de servizo e consumo para o saneamento en alta.

<b>USO</b>	<b>COTA SERVIZOS (€/TRIMESTRE)</b>	<b>DENDE (M3/TRIMESTRE)</b>	<b>ATA (M3/TRIMESTRE)</b>	<b>COTA DE CONSUMO (€/M3)</b>
<b>DOMÉSTICO</b>	8,35	0	30	0,0542
		31	45	0,0633
		46	60	0,2907
		61	99999	0,3879
<b>INDUSTRIAL CATEGORÍA I</b>	22,04	0	30	0,0879
		31	90	0,0917
		91	300	0,2471
		301	500	0,3520
		501	1000	0,3860
		1001	99999	0,4190
<b>INDUSTRIAL CATEGORÍA II</b>	14,02	0	30	0,0879
		31	90	0,0917
		91	300	0,2385
		301	500	0,3520
		501	1000	0,3860
		1001	99999	0,4190
		0	30	0,0879

<b>INDUSTRIAL CATEGORÍA III</b>	15,03	31	90	0,0917
		91	300	0,2471
		301	500	0,3520
		501	1000	0,3860
		1001	99999	0,4190
<b>OBRA MENOR</b>	40,52	0	30	0,0879
		31	90	0,0917
		91	300	0,2471
		301	500	0,3520
		501	1000	0,3860
		1001	99999	0,4190
<b>OBRA MAIOR</b>	113,33	0	30	0,0879
		31	90	0,0917
		91	300	0,2471
		301	500	0,3520
		501	1000	0,3860
		1001	99999	0,4190

CADRO III: Cotas de servizo e consumo para a depuración.

<b>USO</b>	<b>COTA SERVIZOS (€/TRIMESTRE)</b>	<b>DENDE (M3/TRIMESTRE)</b>	<b>ATA (M3/TRIMESTRE)</b>	<b>COTA DE CONSUMO (€/M3)</b>
<b>DOMÉSTICO</b>	13,46	0	30	0,1122
		31	45	0,1310
		46	60	0,6017
		61	99999	0,8028
<b>INDUSTRIAL CATEGORÍA I</b>	35,56	0	30	0,1802
		31	90	0,1903
		91	300	0,5116
		301	500	0,7286
		501	1000	0,7990
		1001	99999	0,8675
<b>INDUSTRIAL CATEGORÍA II</b>	22,64	0	30	0,1802
		31	90	0,1903
		91	300	0,4927
		301	500	0,7286
		501	1000	0,7990
		1001	99999	0,8675
<b>INDUSTRIAL CATEGORÍA III</b>	24,27	0	30	0,1802
		31	90	0,1903
		91	300	0,5116
		301	500	0,7286
		501	1000	0,7990
		1001	99999	0,8675

<b>OBRA MENOR</b>	65,31	0	30	0,1802
		31	90	0,1903
		91	300	0,5116
		301	500	0,7286
		501	1000	0,7990
		1001	99999	0,8675
<b>OBRA MAIOR</b>	182,68	0	30	0,1802
		31	90	0,1903
		91	300	0,5116
		301	500	0,7286
		501	1000	0,7990
		1001	99999	0,8675

Dentro do uso industrial inclúense as seguintes categorías:

- Categoría I: nesta categoría engóbanse comercios en xeral, oficinas, pequenas clínicas, bancos, salóns de peiteado e negocios non incluídos nas categorías II e III.
- Categoría II: nesta categoría engóbanse negocios relacionados coa hostalaría coma bares, restaurantes, establecementos hoteleiros, cines, residencias ou similares.
- Categoría III: nesta categoría engóbanse talleres, concesionarios, gasolineiras, industrias, naves industriais ou similares.

4. Por cada acometida á rede xeral: unha cota mínima con carácter xeral de **50,87 €** ou a que resulte de multiplicar **25,45 €** polo número de vivendas e locais comerciais, industriais e profesionais asentados no inmovible, no caso de que esta sexa superior.

5. Cando se trate daqueles outros servizos que se resten, como limpeza de fosas sépticas e pozos negros, formularase a correspondente conta de gastos de persoal e material investido, conforme aos datos que sexan facilitados polo servizo da rede de sumidoiros, procedendo á liquidación correspondente as persoas obrigadas ao pagamento.

6. Por cada acometida á rede xeral de saneamento na zona rural **862,07 €/vivenda** No caso de solicitarse durante a execución da obra de instalación da rede xeral, aplicarase unha cota reducida de **732,76 €/vivenda**.

7. No caso de baleirados de fosas sépticas nas estacións depuradoras de augas residuais (EDAR) de titularidade municipal establécese unha cota de **18,73 €/m<sup>3</sup>**.

## **ARTIGO 6. REMUNERACIÓN**

1. Percíbese a taxa e nace a obrigaón de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, entendéndose iniciada:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Desde que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal. A remuneración por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se obtivese ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2. Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, (tanto no saneamento en baixa como no saneamento en alta) e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para todos os terreos do municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista a rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e o terreo non exceda de cen metros, e percibirase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

## **ARTIGO 7. BENEFICIOS FISCAIS**

1. Non se aplicarán exencións, bonificacións nin reducións para a determinación da débeda tributaria que os suxeitos pasivos deban satisfacer por esta taxa.

2. De conformidade co disposto na normativa vixente para a determinación da contía das taxas, salvo que se constate a inexistencia de situación de necesidade, conforme ao disposto no Regulamento Municipal de Axudas Financeiras, poderán terse en conta criterios xerais de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacelas cotas tributarias.

2.1.- Bonificarase nun 75 por 100 sobre a tarifa prevista:

- As unidades familiares de 1-2 membros que non alcancen o 100% do IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.
- As unidades familiares de 3-4 membros que non alcancen o 125% do IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.
- As unidades familiares superiores a 4 membros que non alcancen o 150% do IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.

2.2.- Bonificarase nun 50 por 100 sobre a tarifa prevista:

- As unidades familiares de 1-2 membros con capacidade económica comprendida entre o 100% e o 110% do IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.
- As unidades familiares de 3-4 membros con capacidade económica superior ao 125% do IPREM e que non supere o 135% do IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.
- As unidades familiares superiores a 4 membros con capacidade económica superior ao 150% do IPREM e que non superen o 160% IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.

(\*) En aplicación do Real decreto – Lei 3/2004, a referencia ao IPREM vén determinada pola contía anual con inclusión das pagas extraordinarias.

Para o cómputo da renda teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal, de manterse a mesma situación no momento da solicitude. Caso de variar a situación económica, ou de non estar obrigado a presentar a declaración fiscal, teranse en conta os datos fiscais dispoñibles, pensión coñecida, así como calquera outro ingreso ou recurso económico da unidade de convivencia.

Esta bonificación unicamente poderá ter lugar para a que sexa a vivenda familiar habitual.

### **Prazos:**

O prazo para solicitar a bonificación para todo o ano abarcará dende o 1 ata o 20 de setembro do ano inmediatamente anterior ao exercicio para o que se solicita a bonificación.

## **ARTIGO 8. DECLARACIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO**

1. Os suxeitos pasivos formularán as declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da taxa no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade do inmovible e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións causarán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez rematado o prazo de presentación das ditas declaracións de alta e baixa.

O propietario ou o usufructuario, segundo os casos, na súa condición de substituto do contribuínte, estará obrigado ao pagamento das cantidades facturadas á vivenda ou local, unha vez abandonados os inmovibles polos arrendatarios ou os titulares de dereitos de uso, si non comunica calquera cambio de arrendamento ou actividade.

2. A inclusión inicial no censo farase de oficio unha vez concedida a licenza de acometida á rede.

3. As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministración e consumo de auga.

4. No suposto de licenza de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude e os servizos tributarios deste Concello ou a empresa mixta, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda, que será liquidada con carácter previo a calquera actuación.

5. As altas e baixas que se produzan no servizo de abastecemento de auga potable causarán efecto con carácter automático no da rede de sumidoiros (tanto no saneamento en alta como no saneamento en baixa), así como na depuración (nas zonas onde o saneamento verta a unha EDAR de titularidade municipal).

As altas e baixas tramitaranse conxuntamente coa póliza de aboado do servizo de abastecemento de auga potable.

As altas e baixas así como os cambios de tarifas son responsabilidade do suxeito pasivo xa sexa como contribuínte ou como substituto do contribuínte.

Os usuarios do servizo de auga potable, que carezan de rede de sumidoiros, virán obrigados a solicitar a exclusión do padrón por este concepto, ao tempo que tramitan a alta da auga.

#### **ARTIGO 9. ACOMETIDA.**

Enténdese por acometida de saneamento o colector de augas residuais dunha instalación, edificio (establecemento) ou nave industrial, que se estende dende o bordo do terreo ou propiedade pública ou privada ata o rexistro de saneamento ao que está conectado.

Nas instalacións máis antigas de saneamento, onde puidese faltar o rexistro, entenderase que a acometida remata, excepcionalmente, no colector xeral.

As acometidas de saneamento que non cumpran correctamente as súas funcións e deban ser substituídas na súa totalidade, suporán a realización pola empresa que ten a concesión dun orzamento que será presentado ao aboado para proceder ao cambio desta.

Se o aboado non se fixese cargo deste orzamento, a empresa concesionaria quedará eximido de toda responsabilidade.



2. As acometidas de saneamento serán realizadas exclusivamente pola empresa concesionaria do servizo ou, por autorización súa, por contratistas debidamente homologados.

Para proceder á execución da acometida de saneamento, o aboado haberá de depositar previamente ao comezo das obras o importe íntegro do orzamento que, de acordo ao cadro de prezos aprobado polo Concello, teralle realizado a empresa encargada do servizo.

3. Nos núcleos rurais onde non existan colectores de saneamento separativos (para recollida de auga residual e auga pluvial), a acometida de saneamento unicamente poderá destinarse para o vertido de auga residual. Quedando prohibido o vertido de auga pluvial na acometida de saneamento.

#### **ARTIGO 10. FOSA SÉPTICA**

Atendendo a razóns técnicas derivadas do funcionamento das estacións depuradoras de augas residuais, a concesionaria do servizo poderá suspender de forma temporal a actividade de recepción e tratamento do baleirado de fosas sépticas domésticas o asimilables. A frecuencia e horario do baleirado de fosas sépticas determinarase pola concesionaria do servizo, co fin de optimizar o funcionamento das instalacións.

Consideraranse fosas sépticas asimilables aquelas que, a pesar de non ter orixe en vivendas, a contaminación presente na auga residual afluyente á fosa proceda exclusivamente do metabolismo humano.

No momento do baleirado o transportista presentará na entrada da EDAR o documento de identificación do contido transportado e solicitude de aceptación do mesmo, modelo que será facilitado pola concesionaria do servizo. Nel identificarase tanto ao transportista como o orixe do baleirado de fosas sépticas domésticas ou asimilables.

Poderanse rexeitar os baleirados nos que o valor do pH e/ou conductividade puidera resultar prexudicial para o tratamento da EDAR.

#### **ARTÍGO 11. NOTIFICACIÓN DA TAXA**

1. A débeda tributaria esixirase con carácter de autoliquidación no momento de darse de alta do servizo, con carácter previo á súa prestación.

Se a autoliquidación indicada no apartado anterior resultase incorrecta, practicarase liquidación complementaria.

2. No suposto de esixibilidade da taxa por prestación do servizo continua, practicarase notificación colectiva .

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

O prazo para solicitar a bonificación para todo o ano de 2017 abarcará dende o 1 ata o 20 de xaneiro de 2017.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no B.O.P. e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2017, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

De calquera xeito, as cuotas relacionadas no cadro II do artigo 5 desta ordenanza non se aplicarán ata que entre en funcionamento a instalación dos "Interceptores da marxe dereita da Ría de Ferrol", e se inicie a explotación de dita infraestruturas.

As cuotas relacionadas no cadro III do artigo 5 desta ordenanza non se aplicarán, nas zonas afectadas por unha EDAR de titularidade municipal, mentres non se inicie a explotación da correspondente EDAR.

## **ORDENANZA FISCAL Nº 9 REGULADORA DA TAXA POR SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

### **ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.**

De conformidade co previsto na Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa por subministración de auga potable, que se rexerá pola presente ordenanza.

### **ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación dos servizos de subministración de auga potable.

Dentro da zona urbana, tódolos inmobles que dispoñan de acometida de abastecemento deberán aboar a cota de servizo, aínda cando se atopen sen uso ou desocupados. Dita cota continuará devengándose mentres exista a cometida á rede xeral, con independencia da situación de alta, baixa, ou suspensión do subministro cando proceda.

Entenderase como vivenda susceptible de ser habitada aquela que dispoña do correspondente certificado de habitabilidade ou, no seu defecto, dos servizos que posibilitan a súa ocupación: subministración de enerxía eléctrica e redes de abastecemento de auga e saneamento, no seu caso, agás no caso de que o inmovle estea declarado en estado de ruína ou presente síntomas manifestos que impidan o uso residencial, circunstancia que deberá acreditarse por informe da Policía Local ou, no seu caso, polos servizos técnicos municipais.

Presumirase que unha vivenda está ocupada cando se produza consumo de auga, de enerxía eléctrica ou de calquera outra subministración.

### **ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO**

Son suxeitos pasivos os titulares das vivendas, aloxamentos, locais, establecementos ou parcelas xa sexa como contribuínte ou como substituto do contribuínte.

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire a Lei xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas, pola prestación dos servizos de subministración de auga.

Cando as subministracións ou servizos regulados nesta ordenanza sexan solicitados ou recibidos por ocupantes de vivendas, aloxamentos, locais, establecementos ou parcelas distintos dos propietarios dos inmobles, os devanditos propietarios terán a condición de substitutos do contribuínte. Os substitutos do contribuínte poderán repercutir as cotas das taxas sobre os beneficiarios.

### **ARTIGO 4. RESPONSABLES.**

**1.** Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo todas as persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

**2.** Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas ás que se refire a Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigacións tributarias das ditas entidades.

**3.** Os administradores de persoas xurídicas que non realizasen os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigacións tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

- a) Cando se cometa unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.
- b) Cando se cometa unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.
- c) En supostos de cesamento das actividades da sociedade, do importe das obrigacións tributarias pendente na data do cesamento.

4. A responsabilidade esixirase, en todo caso, nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

#### ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA.

#### CONTÍA.

1. A base do presente tributo virá determinada:

a) Pola cota de servizo establecida en cada caso máis a cota de consumo.

b) A cota de consumo estará determinada polo volume de auga consumida por contador. Será o produto do volume de auga consumida por contador por cada trimestre, expresada en metros cúbicos multiplicada polo prezo por metro cúbico correspondente ao tramo de consumo e o grupo de actividade do que se trate (cadro I).

c) No suposto de que non se practique tal medición por causa imputable ao abonado, establécese unha cota de consumo de 10 m<sup>3</sup> mensuais no caso de usos domésticos e de 30 m<sup>3</sup> mensuais no caso de usos industriais.

d) No caso de usuarios domésticos, se a falta de medición se debe á carencia de contador, notificaráselle ao abonado a necesidade de instalación de tal aparello. Pasados tres meses desde o dito aviso sen que se proceda á colocación do contador sen alegar causa xustificada, a cota de consumo estimarase en 20 m<sup>3</sup> mensuais.

2. No seguinte cadro I fíxanse as cotas de servizo e cotas de consumo para cada uso (doméstico, industrial, obra menor (vivendas unifamiliares) e obra maior (edificios de varias plantas)).

CADRO I:

USO	COTA SERVIZOS (€/trimestre)	DENDE (M3/TRIMESTRE)	ATA (M3/TRIMESTRE)	COTA DE CONSUMO (€/M3)
DOMÉSTICO	14,09	0	30	0,1089
		31	45	0,1291
		46	60	0,7148
		61	99999	0,9540
INDUSTRIAL CATEGORÍA I	37,19	0	30	0,2027
		31	90	0,2155
		91	300	0,8100
		301	500	0,9650
		501	1000	1,0452
		1001	99999	1,1329
		0	30	0,2027

<b>INDUSTRIAL CATEGORÍA II</b>	23,69	31	90	0,2115
		91	300	0,7802
		301	500	0,9650
		501	1000	1,0452
		1001	99999	1,1329
<b>INDUSTRIAL CATEGORÍA III</b>	25,39	0	30	0,2027
		31	90	0,2155
		91	300	0,8100
		301	500	0,9650
		501	1000	1,0452
		1001	99999	1,1329
<b>OBRA MENOR</b>	68,31	0	30	0,2027
		31	90	0,2155
		91	300	0,8100
		301	500	0,9650
		501	1000	1,0452
		1001	99999	1,1329
<b>OBRA MAIOR</b>	191,12	0	30	0,2027
		31	90	0,2155
		91	300	0,8100
		301	500	0,9650
		501	1000	1,0452
		1001	99999	1,1329

Dentro do uso industrial inclúense as seguintes categorías:

- Categoría I: nesta categoría engóbanse comercios en xeral, oficinas, pequenas clínicas, bancos, salóns de peiteado e negocios non incluídos nas categorías II e III.
- Categoría II: nesta categoría engóbanse negocios relacionados coa hostalaría coma bares, restaurantes, establecementos hoteleiros, cines, residencias ou similares.
- Categoría III: nesta categoría engóbanse talleres, concesionarios, gasoleiras, industrias, naves industriais ou similares.

Para os establecementos comerciais polo miúdo será de aplicación a tarifa para usos industriais categoría I, con carácter xeral, excepto que o consumo medio mensual non exceda de 10 metros cúbicos mensuais, neste caso pasarían a tributar pola tarifa de usos domésticos.

**3.** Por cada orella que facilite o servizo, pagarase unha soa vez e en concepto de alugamento a cantidade de **59,05 €** depositando unha fianza de **157,29 €** para responder do seu reintegro ao servizo.

**4.** Por cada acometida á rede xeral: a cota que resulte de multiplicar **31,50 €** polo número de vivendas e locais comerciais, industriais e profesionais asentados no inmovible.

**5.** Por dereitos de enganche e colocación de contador, unha vez solicitada a alta como abonado **15,72 €**.

6. Por cada acometida á rede xeral de abastecemento de auga potable na zona rural **454,31 €/vivenda**. No caso de solicitarse durante a execución da obra de instalación da rede xeral, aplicarase unha cota reducida de **215,52€/vivenda**.

7. Por consumo de auga para usos especiais, por número limitado de días, cando non sexa posible a instalación do contador correspondente, pagarase unha taxa de **56,12 €**. En concepto de consumo de auga a cano libre. Limitándose este importe para unha ubicación concreta e o máximo dun mes.

8. No caso de solicitude de planos e sinalización das redes de abastecemento e saneamento, para determinar a confluencia destas con outros servizos ou obras a executar, aboarase unha taxa de **67,18 €/ solicitude**. Taxa que incluírá a entrega do plano de localización e sinalización das canalizacións na obra. Incluíndose dentro da solicitude un máximo de 200 metros de canalización.

## **ARTIGO 6. BENEFICIOS FISCAIS.**

1. Non se aplicarán exencións, bonificacións nin reducións para a determinación da débeda tributaria que os suxeitos pasivos deban satisfacer por esta taxa.

2. De conformidade co disposto na normativa vixente para a determinación da contía das taxas, salvo que se constate a inexistencia de situación de necesidade, conforme ao disposto no Regulamento Municipal de Axudas Financeiras, poderán terse en conta criterios xerais de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacelas cotas tributarias.

2.1.- Bonificarase nun 75 por 100 sobre a tarifa prevista:

- As unidades familiares de 1-2 membros que non alcancen o 100% do IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.
- As unidades familiares de 3-4 membros que non alcancen o 125% do IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.
- As unidades familiares superiores a 4 membros que non alcancen o 150% do IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.

2.2.- Bonificarase nun 50 por 100 sobre a tarifa prevista:

- As unidades familiares de 1-2 membros con capacidade económica comprendida entre o 100% e o 110% do IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.
- As unidades familiares de 3-4 membros con capacidade económica superior ao 125% do IPREM e que non supere o 135% do IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.
- As unidades familiares superiores a 4 membros con capacidade económica superior ao 150% do IPREM e que non superen o 160% IPREM (\*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.

(\*) En aplicación do Real decreto – Lei 3/2004, a referencia ao IPREM vén determinada pola contía anual con inclusión das pagas extraordinarias.

Para o cómputo da renda teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal, de manterse a mesma situación no momento da solicitude. Caso de variar a situación económica, ou de non estar obrigado a presentar a declaración fiscal, teranse en conta os datos fiscais dispoñibles, pensión coñecida, así como calquera outro ingreso ou recurso económico da unidade de convivencia.

Esta bonificación unicamente poderá ter lugar para a que sexa a vivenda familiar habitual.

**Prazos:**

O prazo para solicitar a bonificación para todo o ano abarcará dende o 1 ata o 20 de setembro do ano inmediatamente anterior ao exercicio para o que se solicita a bonificación.

#### **ARTIGO 7. NOTIFICACIÓN DAS TAXAS.**

1. A débeda tributaria esixirase con carácter de autoliquidación no momento de darse de alta do servizo, con carácter previo á súa prestación.

Se a autoliquidación indicada no apartado anterior resultase incorrecta, practicarase liquidación complementaria.

2. No suposto de esixibilidade da taxa por prestación do servizo continuo, practicarase notificación colectiva.

#### **ARTIGO 8. CONTADORES.**

1. Para outorgar novas pólizas de aboamento será indispensable que o usuario adquira o contador que, para cada caso, será dos tipos aprobados e verificados polas delegacións de Industria ou organismos competentes. O concello ou a empresa subministradora poderá dispoñer que, con carácter xeral, se instalen contadores nas vivendas e locais comerciais e industrias que carezan deles, baixo apercibimento de que se poderán introducir tarifas especiais para o consumo a cada libro ou no seu defecto, procederase ao corte da subministración de auga.

Os contadores poderán ser indistintamente propiedade dos abonados ao servizo ou da empresa subministradora en réxime de aluguer.

A venda ou aluguer dos contadores, que realice a empresa subministradora realizarase de conformidade coas tarifas vixentes.

<b>Tarifas para contadores en réxime de aluguer:</b>	
<b>CALIBRE</b>	
Contadores de 13 mm	0,63 €/mes
Contadores de 15 mm	0,63 €/mes
Contadores de 20 mm	1,33 €/mes
Contadores de 25 mm	1,73 €/mes
Contadores de 30 mm	7,55 €/mes
Contadores de 40 mm	9,56 €/mes
Contadores de 50 mm	12,34 €/mes
Contadores de 65 mm	15,24 €/mes
Contadores de 80 mm	20,17 €/mes
Contadores de 100 mm	25,38 €/mes
Contadores de máis de 100 mm	37,52 €/mes
<b>Tarifas para venda contadores:</b>	
<b>CALIBRE</b>	
Contadores de 13 mm	33,42 €
Contadores de 15 mm	52,45 €
Contadores de 20 mm	69,19 €

Contadores de 25 mm	119,11 €
Contadores de 30 mm	123,65 €
Contadores de 40 mm	257,90 €
Contadores de 50 mm	572,16 €
Contadores de 65 mm	708,28 €
Contadores de 80 mm	802,94 €
Contadores de 100 mm	985,45 €
Contadores de 150 mm	1.401,71 €
Contadores de 200 mm	2.605,35 €

Para os contadores de calibre maior a 65 mm a tarefa de colocación suporá un incremento no custo segundo orzamento, que facilitará a empresa concesionaria, e que correrá por conta do abonado.

A empresa subministradora fixará e comunicará ao abonado a data de substitución dos contadores avariados. O abonado deberá comunicar se decidiu comprar o contador pola súa conta, en caso de que non exista esta comunicación do abonado a empresa subministradora entenderá que o contador será subministrado por ela e instalado en réxime de aluguer.

2.- Co obxecto de facilitar o acceso aos contadores, estes deben instalarse nun lugar de uso comunitario e de acceso doado.

No caso de que a instalación exterior do contador non sexa viable por razóns técnicas, este poderá instalarse no interior da vivenda ou local, pero irá dotado obrigatoriamente dun sistema de lectura remota, que instalará o concesionario dependendo das características da instalación. Pagando o aboado unha taxa de 67,59 euros/ud polo sistema de lectura remota.

3.- Nas acometidas destinadas a redes contra incendios será obrigatoria a colocación dun caudalímetro ou contador de paso libre, que o abonado pode adquirir libremente nos lugares que considere oportuno. A empresa subministradora disporá de caudalímetros e contadores de paso libre para a súa venda ou ben para súa colocación en réxime de aluguer. O custo do aluguer incluírase no recibo de subministración. No caso dos caudalímetros aplicarase segundo as seguintes tarifas:

<b>Tarifa de aluguer de caudalímetros</b>	
Caudalímetro de 50 mm	31,46 €/mes
Caudalímetro de 65 mm	31,46 €/mes
Caudalímetro de 70 mm	31,46 €/mes
Caudalímetro de 80 mm	31,46 €/mes
Caudalímetro de 100 mm	39,33 €/mes
Caudalímetro de 125 mm	39,33 €/mes
Caudalímetro de 150 mm	39,33 €/mes
Caudalímetro de 200 mm	39,33 €/mes

<b>Tarifa de venda de caudalímetros</b>	



Caudalímetro de 50 mm	2.365,69 €
Caudalímetro de 65 mm	2.380,95 €
Caudalímetro de 80 mm	2.394,97 €
Caudalímetro de 100 mm	2.444,58 €
Caudalímetro de 125 mm	2.659,58 €
Caudalímetro de 150 mm	2.886,84 €

Será de obrigatoria instalación para as construcións de nova creación. As instalacións existentes terán un prazo non superior a tres meses dende a comunicación da concesionaria para a colocación deste.

A concesionaria comunicara a obrigatoriedade de instalación do caudalímetro ou contador de paso libre na acometida contra incendios, axuntando un presuposto da colocación de este equipo de medida na vía pública. Transcorrido o prazo de tres meses dende a comunicación, sen confirmarse a instalación do aparato de medida, a concesionaria poderá instalalo na vía pública, facturando a obra ao aboado e incluíndo o custe de aluguer do equipo de medida no recibo trimestral (de acordo coas tarifas en vigor).

4. Ademais da posibilidade de verificación do contador polo Organismo Oficial facultado, aqueles abonados que así o decidan, poderán solicitar a verificación do seu contador por parte de COSMA, depositando o importe de **34,07€** en concepto de fianza.

Se o resultado de verificación fose que o contador estivese en bo estado, non sería devolta esta fianza, e en caso de avaría, se lle reintegraría a fianza ó depositante, e rectificáranse as facturacións emitidas erroneamente. As anteriores tarifas serán de aplicación xeral agás a aqueles organismos ou entidades cunha tarifa fixada mediante concerto expreso entre as partes.

Se o resultado de verificación fose que o contador estivese en bo estado, non sería devolta esta fianza, e en caso de avaría, se lle reintegraría a fianza ó depositante, e rectificáranse as facturacións emitidas erroneamente.

#### **ARTIGO 9.**

Entenderase por abonado, para os efectos desta ordenanza, toda persoa natural capacitada legalmente para contratar, ou xurídica á que se lle concedese a prestación do servizo de auga.

#### **ARTIGO 10.**

Os abonos para o servizo solicitaranse calquera que sexa o uso ao que se destinan, mediante a oportuna petición de alta e subscripción da póliza de abono, na que o interesado declarará ademais da filiación e domicilio, fin e uso ao que destinará a auga, fronte da vivenda, e demais datos complementarios para o perfecto coñecemento e determinación da clase e importancia do servizo que se pretenda e concesión e instalación do aproveitamento. As peticións levarán implícito o compromiso do petionario a cumprir as disposicións consignadas na presente ordenanza.

Os contratos ou pólizas de abono serán facilitadas ou cubertas gratuitamente pola oficina do servizo.

A alta no servizo produce de forma automática a alta na rede de sumidoiros e recollida de refugallo sólidos urbanos, no caso de que os servizos se presten simultaneamente.

#### **ARTIGO 11.**

1. Simultaneamente ás peticións de alta, deberán os interesados depositar na Caixa municipal o importe de 6 mensualidades da cota de servizo e da cota de consumo (10 metros cúbicos mensuais para os usos domésticos e 30 metros cúbicos mensuais para os usos non domésticos) en concepto de fianza, a devolver no intre de causar baixa, sempre que estea ao corrente do pagamento dos recibos ao seu cargo por fornecemento de auga.

2. Excepciónanse os supostos nos que o cambio de titularidade sexa consecuencia do pasamento de abonado, sempre e cando o cambio se efectúe a favor dunha das persoas que convivisen co falecido; feito que deberá xustificarse mediante documentación que acredite a convivencia, expedida polo Concello.

#### **ARTIGO 12.**

O contrato terá vixencia durante o tempo que o abonado ocupe a vivenda á que a póliza se refire, quedando obrigado este a satisfacer o importe do consumo mínimo de auga da tarifa en que estea clasificado, aínda no caso de que o consumo mensual non alcanzara este mínimo.

#### **ARTIGO 13.**

Cada contrato de subministración de auga estará afecto a unha soa casa ou a unha soa vivenda.

No caso de que o edificio constase de varias plantas, a cota esixible estará representado pola suma das cotas de servizo e cotas de consumo que correspondan separadamente a cada unha das plantas das que conste o inmovible, aínda que as leve en arrendamento e ocupen todas elas unha mesma familia.

#### **ARTIGO 14.**

Baixo ningún concepto poderá un abonado ampliar para outros usos que os estipulados na póliza de abono, especular na súa venda ou cesión e dispoñer de toda ou parte da que vén asignada ao seu domicilio ou industria a favor dun terceiro, nin facer variacións de ningunha clase na instalación, sen coñecemento do Concello.

#### **ARTIGO 15.**

Todos os abonados considéranse domiciliados neste Concello, suxeitos á xurisdición dos tribunais da demarcación xudicial na que está incluída este Concello.

#### **ARTIGO 16.**

Non se concederá alta a abonados que se trasladen de domicilio e non se atopen ao corrente no pagamento da auga que consumiran no domicilio anterior.

#### **ARTIGO 17.**

1. Nas vivendas que exista instalación de auga é obriga do dono pasar aviso ao Concello das datas nas que quede desalugada e na que volva ser ocupada e deberá dispor do contrato de subministración para cada unha delas.

2. No caso das roturas dos precintos e dos incumprimentos do suposto anterior, o dono faise responsable, facéndolle aboar unha liquidación da contía da fraude, que incluírá un consumo equivalente á capacidade nominal do contador do que dispoña a instalación ou no seu defecto o que regulamentariamente correspondese ás instalacións utilizadas para acción fraudulenta, cun tempo de oito horas diarias de utilización e durante o prazo

que medie entre a data do último precintado ou data de adquisición da titularidade ou dereitos de uso das instalación citadas, e o momento en que emendase a existencia da fraude detectada, sen que poida extenderse, en total, a máis dun ano.

3. Do mesmo xeito será responsable subsidiario daqueles recibos que o inquilino non pague á Administración polas causas expostas expedíndoselle o cargo correspondente, pola totalidade.

## **TERMOS E XEITOS DE PAGAMENTO.**

### **ARTIGO 18.**

A recadación do importe da auga farase trimestralmente, en xeral, mediante recibo, fóra do caso de fraude que se fará por actas de inspección.

### **ARTIGO 19.**

O abonado poderá facer efectivo nun prazo límite de 2 meses, contados a partir da presentación da facturación, os importes facturados pola empresa subministradora nas súas oficinas, nas caixas de aforros, entidades de crédito ou outros establecementos ou oficinas autorizadas pola empresa, ou ben a través da conta do abonado na entidade bancaria ou caixa de forros que para o efecto sinale. Igualmente, en casos excepcionais, o abonado poderá facer efectivo o importe do recibo mediante xiro postal ou outro medio similar, sempre coa conformidade previa e expresa da empresa subministradora.

### **ARTIGO 20.**

De non facer efectivo o recibo dentro dos trinta días da súa presentación, procederase á recarga con liquidación de xuros de demora correspondentes, sen prexuízo do corte de subministración e das restantes accións legais que procedan para facer efectiva a cantidade non satisfeita.

Transcorrido o prazo fixado, o Concello ou a empresa subministradora, poderá suspender a subministración de auga ao abonado que está en descuberto e retirarlle definitivamente o servizo, dándoo de baixa por falta de pagamento.

### **ARTIGO 21.**

Tanto as altas coma as baixas de abonados liquidaranse por períodos dun mes, sen prexuízo de que a petición de alta ou baixa sexa atendida inmediatamente.

### **ARTIGO 22.**

As reclamacións sobre a recadación por posibles erros de cálculo e outros motivos, efectuaranse na administración do servizo, acompañando os recibos ou facturas que se presuma que conteñan erro ou omisión.

### **ARTIGO 23.**

No caso de traslado de domicilio do abonado este seguirá sendo responsable do importe do consumo de auga da vivenda que deixou, se non se dá de baixa coa antelación suficiente nas oficinas do servizo.

Non obstante, cando o abonado teña a condición de arrendatario ou titular de calquera outro dereito de uso, o propietario ou usufrutuário das vivendas ou locais arrendados ou cedidos poderá formalizar a baixa cando teña coñecemento de que o arrendatario ou usuario non a formalizou.

O propietario ou o usufrutuário, segundo os casos, na súa condición de substituto do contribuinte, estará obrigado ao pagamento das cantidades facturadas á vivenda ou

local, unha vez abandonados os inmobles polos arrendatarios ou os titulares de dereitos de uso, si non comunica calquera cambio de arrendamento ou actividade.

As altas e baixas así como os cambios de tarifas son responsabilidade do suxeito pasivo xa sexa como contribuinte ou como substituto do contribuinte.

## **ACOMETIDAS.**

### **ARTIGO 24.**

O servizo de subministración de auga limitarase á zona que comprende a rede de distribución.

### **ARTIGO 25.**

A concesión de novas tomas ou acometidas á rede farase mediante solicitude dos interesados e con acordo adoptado polo Concello e a empresa subministradora, co informe previo e liquidación do dereito desta.

Enténdese por acometida de abastecemento o tramo de encanamento coas súas claves de rexistro e de paso, que partindo da rede de distribución se estende ata a entrada principal do edificio ou inmovible, para o seu acoplamento á instalación particular.

### **ARTIGO 26.**

As tomas ou acometidas que se soliciten para utilizar a auga da rede municipal, no caso de obter a licenza, deberán ser aboados os gastos polo interesado.

A contratación de acometidas, a súa instalación, conservación, renovación e manipulación serán competencia exclusiva da empresa subministradora, que realizará os traballos e instalacións correspondentes a cargo do petionario.

A empresa subministradora confeccionará o orzamento para execución das obras de acometida conforme o cadro de prezos vixentes e aprobados polo Concello.

Unha vez posta en funcionamento pasará a instalación a ser propiedade do Concello.

### **ARTIGO 27.**

Os donos de terreos que non contribuíran a sufragar os gastos de primeiro establecemento da rede xeral de auga nalgunha vía, cando soliciten levar a cabo a acometida para os seus inmobles, estarán obrigados a satisfacer por cada entroncamento na rede o dobre do que tivesen satisfeito os donos que contribuíron á súa ampliación, como gastos de compensación para a instalación e conservación da rede.

### **ARTIGO 28.**

Unha toma ou acometida servirá soamente para o terreo que fose pedido, sen que se permita estendela a varios, aínda estando contiguos e pertencendo ao mesmo dono, salvo conveniencias de distribución para o servizo, caso no que se faría a derivación fóra do terreo primitivo.

### **ARTIGO 29.**

Se por venda ou outra causa se dividira a propiedade, os novos donos virán obrigados a executar unha toma independente para cada un.

### **ARTIGO 30.**

Todo terreo abastecido terá na vía pública, e o máis achegado a ela, a chave ou claves de paso convenientes para poder incomunicala co entubado xeral.

**ARTIGO 31.**

Os diámetros do entubado que se usan para as acometidas serán os establecidos pola Delegación de Industria e organismos competentes.

**ARTIGO 32.**

Serán de conta do dono as modificacións ou reformas que sexa preciso facer nas instalacións con motivo da instalacións ou por outra causa calquera, a xuízo do técnico do servizo.

**ARTIGO 33.**

Correrá a cargo do Concello, a conservación do tramo que vai desde o entubado xeral da toma ata o pé do parámetro exterior do muro do terreo. Corresponde ao dono coidar e amañar a súa instalación, dando conta á oficina do servizo de todas as avarías e deterioros que concorran, para que se dispoñan os debidos amaños, sempre por conta do dono.

**INSTALACIÓNS INTERIORES.****ARTIGO 34.**

As instalacións interiores dos terreos serán efectuadas por un instalador debidamente autorizado pola Consellería de Industria de acordo co establecido na Orde do 9 de decembro de 1975 do Ministerio de Industria (B.O.E. Nº 11 de 12-1-76) e demais disposicións legais de aplicación.

**ARTIGO 35.**

É obrigación dos donos participar ao Concello a data na que comezan os traballos de instalación do servizo de augas no interior dos seus terreos e a data na que rematan as obras, co fin de que poidan ser inspeccionadas.

**ARTIGO 36.**

O Concello poderá esixir a recolocación dun contador por non estar en lugar adecuado.

**ARTIGO 37.**

Nos terreos que comprendan varias vivendas ou industrias e, por conseguinte, varios abonados, faranse as instalacións individuais a cada unha delas de xeito que os contadores se poidan colocar en arquetas adecuadas e todos xuntos en batería, e en lugar facilmente alcanzable do portal, patio, ou baixo do edificio, norma que se terá así mesmo en conta en caso de que sexa só un o abonado.

Se houbese dificultade na elección do sitio de emprazamento, o dono deberá solicitar á administración do servizo que lle sexa fixado o lugar de colocación.

**ARTIGO 38.**

Excepto no caso de forza maior, prohíbese curvar os tubos cando a curva que se teña que empregar teña menos de 10 cm de radio, utilizándose naqueles casos os correspondentes accesorios con obxecto de evitar que, a causa da oxidación resultante de saltar a capa galvanizada, quede obstruído o tubo ou interrompida a circulación da auga.

**ARTIGO 39.**

O diámetro do entubado xeral destas instalacións será necesariamente igual ao da acometida, podendo diminuírse gradualmente segundo os servizos dos que deba fornecer.

Non se permitirán diámetros inferiores a 13 mm nos entubados de chumbo e a media polgada nos de ferro galvanizado, excepto no caso de tramos que deban alimentar unha cisterna ou aparato análogo.

#### **ARTIGO 40.**

As chaves de paso que se utilicen serán de bronce, modelo reforzado, do mesmo diámetro que os entubados onde van colocadas, e as que se coloquen antes dos contadores deberán ir perforadas nun dos ángulos da montura co obxecto de que poidan ser precintadas polo servizo.

#### **ARTIGO 41.**

Cando se instalen termosifóns ou calefacción a presión, é obrigatoria a colocación dunha válvula de retención antes dos depósitos ou caldeiras e no tubo de alimentación destas, co obxecto de evitar que a causa do peche na rede ou dun aumento de presións nos aparatos, a auga quente poida pasar aos entubados xerais de subministración, co conseguinte prexuízo para os contadores, depósitos e fervedorios do termo.

Recoméndase que en todos eles se coloquen válvulas de expansión co obxecto de evitar posibles explosións, sendo obrigatorio colocar en todos flotadores de regulación de nivel.

#### **ARTIGO 42.**

Nos edificios que, para evitar a falta de auga por avaría ou por corte da subministración, se instalen depósitos situados nos tellados ou terrazas, estes serán cubertos e ventilados e construíranse de cemento, fibrocemento ou similares, non debéndose utilizar nunca o chumbo ou cinc, polo perigo que significa para a formación de sales que contaminan a auga.

#### **ARTIGO 43.**

Nos casos en que, polo xeito de instalación destes depósitos, poida pasar a auga ao entubado xeral, pola falta de presión nela, instalárase tamén unha válvula de retención á saída dos contadores, o mesmo que no caso previsto no art. 36.

#### **ARTIGO 44.**

O dono do terreo ou o concesionario ou abonado, no seu caso, farase responsable do coidado e conservación das chaves de paso exteriores e interiores e moi especialmente dos aparatos contadores. Demostrada a súa negligencia no cumprimento destas normas, así como o abonado nas instalacións, deixando correr a auga innecesariamente, pola rotura destes, cisternas deterioradas, etc., privaráselles da subministración de auga, mentres non efectúe as oportunas rectificacións.

#### **ARTIGO 45.**

Todo concesionario ou abonado queda obrigado a admitir que a calquera hora hábil do día sexa visitada a súa instalación polos empregados municipais encargados deste cometido, sen que poidan opoñer ningún obstáculo a cantas comprobacións periódicas ou excepcionais se consideren procedentes.

A negativa do interesado a autorizar estas revisións será causa de abondo para retirarlle o servizo de auga, sen dereito a reclamación algunha.

#### **ARTIGO 46.**

Na dependencia correspondente estará exposto ao público un mostrario do material utilizado polo servizo, que cumpre as condicións impostas por estas ordenanzas.

#### **ARTIGO 47.**

O servizo municipal de augas resérvase a facultade de non empalmar coa rede de distribución as instalacións que non reúnan as condicións regulamentarias.

#### **ARTIGO 48.**

A Administración municipal resérvase o dereito de comprobar, cando o considere necesario ou oportuno, todo aparato contador se se considera un funcionamento dubidoso.

#### **ARTIGO 49.**

As conexións de contadores efectuaranse exclusivamente por persoal do servizo de augas, correndo os gastos a cargo do abonado segundo o cadro de prezos.

#### **ARTIGO 50.**

Os precintos colocados non poderán ser alterados con ningún pretexto polo abonado, xa que nese caso incorrerán na sanción que determina o ARTIGO 13 desta ordenanza.

#### **ARTIGO 51.**

Calquera fuga de auga medida polo contador será facturada ao abonado de acordo coas tarifas correspondentes. Se se tratase dunha fuga oculta, o abonado poderá solicitar da empresa subministradora a bonificación do 50% do importe facturado, e será postestativo deste último, analizadas as circunstancias de cada caso, proceder a esta bonificación, que non afectará á obrigaón inmediata de reparación da fuga, unha vez descuberta, por parte do abonado e á súa conta.

#### **ARTIGO 52.**

No caso de paralización dun contador ou deterioro tal que as súas indicacións non poidan servir de base a algo concreto, liquidarase o consumo de acordo a igual período do ano anterior. Se non existise este dato, tomarase a media aritmética dos seis meses anteriores.

Naqueles casos nos que non existan datos históricos para obter a media á que se alude no parágrafo anterior, os consumos determinaranse con base á media que se obteña en función dos consumos coñecidos de períodos anteriores. Se tampouco isto fose posible, facturarse a cota de servizo correspondente e unha cota de consumo correspondente á actividade e equivalente a 10 metros cúbicos mensuais para os usos domésticos e 30 metros cúbicos mensuais para os usos non domésticos.

A empresa subministradora disporá que o usuario repoña o contador amañado ou novo no prazo de trinta días. De non facelo instalarse un acontador polo Concello, por conta do usuario.

### **RESPONSABILIDADES POR INCUMPRIMENTO DESTA ORDENANZA.**

#### **ARTIGO 53.**

Ninguén poderá utilizar a auga sen ter formulado e subscrito a póliza de abonado. As infraccións serán cualificadas e sancionadas de acordo coa Lei xeral tributaria.

#### **ARTIGO 54.**

1. Fóra de caso de incendios, que poñerán en coñecemento da administración do servizo dentro das vinte e catro horas seguintes ao sinistro, baixo ningún pretexto poderán os abonados ou quen os represente:

- a) Empregar a auga para usos distintos dos estipulados na póliza de abono.
- b) Vender ou ceder a auga que lle subministre o Concello a favor dun terceiro.
- c) Deixar correr a auga sen necesidade.

- d) Abrir nin facer uso dos rexistros que pechan os aparatos de toma, claves de paso, aforos ou outros servizos.
- e) Establecer ningún ramal entre a toma e o aparato que verifique o aforo, nin facer derivación da instalación para outros locais ou vivendas diferentes ás consignadas na póliza.

2. A contravención de calquera destes apartados dará lugar á aplicación do ARTIGO 16.2 da presente ordenanza.

#### **ARTIGO 55.**

As procedentes sancións son de carácter fiscal e imponse sen prexuízo das responsabilidades ás que houbese lugar pola aplicación das leis e regulamentos vixentes.

#### **ARTIGO 56.**

As cotas lexitimamente impostas en virtude desta ordenanza que non se puidesen facer efectivas no proceso da súa recadación darán lugar á suspensión e corte do servizo de auga, con baixa do interesado ata que non pague a súa débeda e unha cantidade igual a **36,97 €** en concepto de reposición, estando para a declaración de partidas incobrables, se é o caso, ás normas xerais de aplicación.

### **DISPOSICIÓNS XERAIS.**

#### **ARTIGO 57.**

Non se permitirá aos particulares e empresas utilizar augas das fontes públicas para usos industriais e obras.

#### **ARTIGO 58.**

A empresa subministradora non se fai responsable por interrupcións involuntarias do servizo de subministración de augas, ou cando sexa necesario executar obras ou amaños na rede xeral de distribución, podendo cortar o fornecemento aos abonados, pero estes non teñen dereito a reclamación ningunha por este concepto.

#### **ARTIGO 59.**

Tampouco haberá dereito de indemnización cando se interrompa o servizo por consecuencia de escaseza, de calquera motivo de seca, xeadas ou calquera outra causa de forza maior.

#### **ARTIGO 60.**

En épocas de grandes secas, nas que puidese ser necesaria a restrición do consumo, comezará esta polos abonados coa tarifa industrial e todos aqueles que quedaron suxeitos ás medidas que creu oportuno adoptar o Concello.

#### **ARTIGO 61.**

Os danos ou prexuízos que se orixinen a terceiros por culpa do abonado, ben sexa por negligencia ou abandono do coidado que debe ter da instalación de auga, serán exclusivamente a conta deste.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

O prazo para solicitar a bonificación para todo o ano de 2017 abarcará dende o 1 ata o 20 de xaneiro de 2017.

### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2017, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



# REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DO CONCELLO DE NARÓN

<b><u>INTRODUCCIÓN</u></b> .....	<b>1</b>
<b><u>TITULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓN XERAIS</u></b> .....	<b>1</b>
<b><u>Capítulo I OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN</u></b> .....	<b>1</b>
<b><u>Capítulo II CONDICIÓNS DO SERVIZO</u></b> .....	<b>6</b>
<b><u>Capítulo III ACOMETIDAS</u></b> .....	<b>35</b>
<b><u>Capítulo IV PÓLIZA DE SERVIZO</u></b> .....	<b>14</b>
<b><u>TITULO SEGUNDO. ABASTECIMENTO DE AUGA</u></b> .....	<b>21</b>
<b><u>Capítulo I XERALIDADES</u></b> .....	<b>21</b>
<b><u>Capítulo II UTILIZACIÓN DO ABASTECIMENTO</u></b> .....	<b>25</b>
<b><u>Capítulo III CONTADORES</u></b> .....	<b>27</b>
<b><u>TITULO TERCEIRO. SANEAMENTO E DEPURACIÓN</u></b> .....	<b>32</b>
<b><u>Capítulo I XERALIDADES</u></b> .....	<b>32</b>
<b><u>Capítulo II. USO DO SISTEMA DE SANEAMENTO</u></b> .....	<b>36</b>
<b><u>II.1. Acometidas á rede de saneamento</u></b> .....	<b>36</b>
<b><u>II.2. Utilización do sistema público de saneamento e depuración</u></b> .....	<b>40</b>
<b><u>II.3. Verteduras non canalizadas</u></b> .....	<b>47</b>
<b><u>II.4. Situacións de emerxencia</u></b> .....	<b>48</b>
<b><u>II.5. Inspección e control</u></b> .....	<b>49</b>
<b><u>II.6. Réxime de infraccións e sancións</u></b> .....	<b>53</b>
<b><u>TITULO CUARTO. RÉXIME ECONÓMICO</u></b> .....	<b>55</b>
<b><u>Capítulo I FACTURACIÓN, COBRO E INFORMACIÓN</u></b> .....	<b>55</b>
<b><u>Capítulo II FIANZAS, INSPECCIÓN E SANCIÓN</u></b> .....	<b>58</b>
<b><u>ANEXO I. Verteduras prohibidas</u></b> .....	<b>63</b>
<b><u>ANEXO II. Verteduras limitadas</u></b> .....	<b>64</b>
<b><u>ANEXO III. Condicións de preservación de mostras e métodos analíticos</u></b> .....	<b>66</b>

# REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA E SANEAMENTO

## INTRODUCCIÓN

O Excmo. Concello de Narón presta o servizo de subministración de auga potable e saneamento de auga por medio da sociedade anónima de economía mixta COMPAÑÍA DE SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DO ATLÁNTICO, S.A., constituída como sociedade anónima o 12 de xuño de 2002 con duración determinada de 25 anos e finalización no ano 2027. Sendo esta sociedade a encargada da xestión integral do "Servizo Municipal de Auga e Saneamento de Narón", segundo acordo municipal plenario de data 25 xaneiro de 2002.

*A publicación do REAL DECRETO 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación, e do Decreto 141/2012, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia, obrigou á redacción deste Regulamento. Adaptándoo ás Ordenanzas Fiscais vixentes e ao REAL DECRETO 314/2006.*

## TITULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓN XERAIS

### Capítulo I OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

#### Artigo Un

1. O presente regulamento ten por obxecto establecer as normas respecto das modalidades de prestación dos servizos de subministración de auga potable e saneamento no municipio de Narón e as súas características, regular as relacións entre a Empresa e os usuarios, determinando as súas respectivas situacións, dereitos, deberes e obrigas básicas, así como recoller o ámbito de aplicación de prezos e tarifas, e o réxime de infraccións e sancións.
2. A efectos de simplificación, no presente regulamento denomínase "cliente" ao usuario que teña contratado o Servizo de Augas e Saneamento. Entendendo como cliente a toda persoa natural capacitada legalmente para contratar, ou xurídica á que se concedese a prestación do servizo.
3. Denomínase "concesionario" ao adxudicatario da xestión integral do Servizo Municipal de Auga e Saneamento de Narón, en virtude do contrato administrativo que rexe a concesión do mesmo.

#### Artigo Dous

1. O concesionario queda subrogado nos dereitos e obrigas dimanantes dos

contratos subscritos entre o Concello (directamente ou por medio de calquera outra forma de xestión anterior) e os clientes dos servizos con vixencia ao 12 de xuño de 2002.

2. O concesionario representará ao Concello fronte aos organismos de Administración Pública para todas as actividades relacionadas co abastecemento de auga e saneamento, sendo o executor dos acordos municipais que se adopten respecto diso.

### **Artigo Tres**

As cuestións xudiciais e motivos de litixio que se produzan entre o cliente e o concesionario, como consecuencia das relacións reguladas no presente regulamento, quedarán sometidas ao foro e xurisdición dos tribunais da demarcación xudicial á que estea incluída o Concello de Narón.

### **Artigo Catro**

Corresponde ao concesionario, cos recursos ao seu alcance:

a) A prestación de Servizo de subministración domiciliar de auga potable, realizando, dentro do termo municipal de Narón, todas as funcións propias do mesmo, tales como as de captación, adución, tratamento e distribución de auga potable, instalación e mantemento de contadores, xestión de clientes, emisión de recibos, facturación e cobro dos mesmos, tanto en prazo voluntario como en vía de prema.

b) A prestación de Servizo de saneamento realizando todas as tarefas propias do mesmo, como son a recollida e evacuación de augas residuais e pluviais dentro do termo Municipal de Narón, a depuración das mesmas e a súa reutilización.

c) A conservación, explotación, construción de cantas instalacións estean ou poidan estar afectas aos servizos municipais de auga e saneamento.

d) O cobro das tarifas e taxa aprobadas de auga e saneamento que corresponda aos particulares, pola prestación dos servizos e concesións outorgados, así como calquera outra tarifa ou taxa municipal cuxo cobro se adxudicara a esta sociedade mediante concerto co concello.

e) A execución, dirección e financiamento de calquera das obras que sexan precisas para o mantemento, reposición, mellora ou ampliación, até alcanzar o mellor estado da técnica, das redes de distribución, depósitos e demais infraestruturas do servizo de abastecemento de auga potable; as conducións de recollida e evacuación de augas residuais e pluviais, imbornais, pozos de rexistro, bombeos e demais infraestruturas do servizo de rede de sumidoiros e as redes de colectores xerais, impulsións, e estacións de tratamento e depuración de augas residuais.

f) A realización de calquera estudo e traballos, tanto de natureza técnica, como económica, xurídica ou administrativa, que sexan precisos para a prestación dos servizos e a realización das actividades indicadas nos apartados precedentes, e moi especialmente a realización de estudos e proxectos técnicos, e a realización dos estudos de custos e tarifarios.

## **Artigo Cinco**

Ademais dos dereitos que ao concesionario lle outorguen as disposicións legais e regulamentarias en materia de xestión do Servizo Público e das recoñecidas á empresa adxudicataria no contrato concesional, o concesionario, con carácter xeral, terá os seguintes dereitos:

- a) Inspeccionar, revisar e intervir nas instalacións interiores da subministración que, por calquera causa, se atopen ou poidan atoparse en servizo.
- b) Percibir nas súas oficinas ou nos lugares destinados ao efecto, o importe das facturacións ou cargos que, debidamente autorizados, corresponda pagar aos clientes e usuarios polas prestacións que realizase o concesionario ou, no seu caso, fosen utilizadas.

## **Artigo Seis**

Son obrigas do cliente:

- a) Todo cliente estará obrigado a abonar puntualmente os cargos que o concesionario lle formule segundo os prezos e tarifas aprobados, así como os que se deriven da prestación dos servizos complementarios a que fai referencia o presente regulamento.

A obrigatoriedade do pago dos consumos de auga considerarase extensiva aos casos en que os mesmos se orixinasen por fuga, avaría, ou defecto de construción ou conservación das instalacións interiores, ou por calquera outra causa non imputable ao concesionario.

- b) Respetar as instalacións que integran a infraestrutura dos servizos, redes de distribución de auga potable e evacuación de augas residuais e acometidas correspondentes, como bens de servizo público, prohibíndose a manipulación ou alteración de calquera elemento das mesmas por persoal non autorizado.
- c) Proporcionar ao concesionario os datos interesados polo mesmo, en relación co contrato de subministración e as variacións que poidan presentarse.
- d) Manter as súas instalacións de forma que non se produzan perturbacións nas redes públicas de abastecemento e saneamento, e utilizar de forma correcta as instalacións do servizo, adoptando as medidas necesarias para conservar as mesmas na forma adecuada, mantendo intactos os precintos que garanten a non manipulación do contador, absténdose de intervir sobre as instalacións de

acometida, e garantindo as condicións idóneas para a toma de lecturas de consumo.

e) Os clientes deberán, en interese xeral e no seu propio, comunicar así mesmo ao concesionario calquera avaría ou perturbación (fugas, perdas de presión, verteduras incontroladas, etc.) que, ao seu xuízo, se produzan na rede de distribución pública ou nas instalacións privadas.

Analogamente, deberán comunicar ao concesionario a existencia de obstrucións na rede de saneamento, que produzan ou sexan susceptibles de producir desbordamentos, cheiros ou calquera tipo de molestias aos cidadáns.

Igualmente, deberán notificar ao concesionario as manipulacións nas redes ou os usos indebidos de auga que poidan ser causa grave de contaminación ou perigo de accidente para persoas ou bens.

f) Cumprir as limitacións e prioridades que o concesionario estableza no uso e consumo de auga, así como da rede de sumidoiros, sen prexuízo da eventual obriga do concesionario de comunicar estes aspectos previamente ao Concello.

g) Facilitar o libre acceso ás instalacións ou recintos aos empregados da empresa ou persoa autorizada para o desenvolvemento dos traballos relacionados coa realización de lecturas, inspeccións, obras e reparacións.

h) Os clientes non poderán, baixo ningún concepto, ceder gratuíta ou remuneradamente auga a terceiros, xa sexa con carácter permanente ou temporal, sendo responsables de toda defraudación que se produza na súa subministración, ben por si ou por persoa que del dependa.

Naqueles supostos de clientes que polo seu especial carácter xustifiquen excepcións a este apartado, as relacións de subministración regularanse mediante contratos individuais entre o concesionario e o cliente, que serán postos en comunicación do Concello.

i) Os clientes están obrigados a solicitarlle á Empresa a autorización pertinente para calquera modificación nas súas instalacións que implique modificación no número de receptores ou cambio no uso da auga.

j) Cando nunha mesma parcela/inmóble, xunto á auga do Servizo Municipal, existise auga doutra procedencia, o cliente estará obrigado a establecer instalacións interiores por onde circulen independentemente as augas.

O concesionario non se responsabilizará da calidade das augas nas instalacións que non cumpran estas condicións, advertíndoselle aos clientes da responsabilidade en que poden incorrer, de producirse, por retroceso, a alteración das condicións de potabilidade das augas da traída pública.

## **Artigo Sete**

Serán dereitos dos clientes:

a) Recibir nas súas instalacións auga que reúna os requisitos de potabilidade establecidos nas disposicións vixentes.

b) Dispor permanentemente da subministración de auga potable, segundo as condicións que figuren no seu contrato, sen outra limitación que as establecidas no presente regulamento e as demais disposicións de aplicación.

c) Ser informado de todas as cuestións derivadas da prestación e funcionamento do servizo en relación á súa subministración, así como recibir contestación por escrito, no prazo regulamentario previsto, ás consultas formuladas por idéntico procedemento.

d) Visitar, sen afectar ás esixencias da explotación e sempre previa solicitude ao concesionario, as instalacións para tratamento de auga e depuración de residuais, establecendo o concesionario, baixo a súa responsabilidade e criterio, os momentos máis axeitados para garantir a menor interferencia coa prestación do servizo.

## **Artigo Oito**

1. O persoal do concesionario irá provisto obrigatoriamente dun documento expedido por el, no que consten os datos de identificación persoal e da súa condición profesional na empresa.

2. Toda persoa física que, en nome propio ou en representación de terceiros, desexe formular reclamación contra os empregados do concesionario ou contra o que considere calquera anomalía no funcionamento do mesmo, poderá facelo mediante escrito dirixido á Dirección do concesionario.

3. Nas reclamacións que poidan formularse sobre o cumprimento das condicións do servizo, o reclamante deberá acreditar a condición de cliente.

Contra as resolucións da Empresa, poderá utilizar o reclamante os recursos legais aplicables, segundo a materia da reclamación.

4. O concesionario deberá levar un Rexistro de Reclamacións, que estará a disposición dos usuarios. No devandito rexistro recolleranse as reclamacións que estes efectúen, unha copia das cales estará a disposición permanente do Concello.

5. As reclamacións que se formulen por danos e prexuízos que se causen polo concesionario rexeranse pola lexislación aplicable, tendo en conta a natureza das mesmas e o seu carácter contractual ou extracontractual.

## **Capítulo II CONDICIÓNS DO SERVIZO**

### **Artigo Nove**

1. Enténdese por acometida de abastecemento o tramo de tubaxe coas súas claves de rexistro e de paso que, partindo da rede de distribución, se estende até a entrada principal do edificio ou inmovible, para o seu axuste á instalación particular. A válvula de rexistro de acometida instalarase como máximo a 50 cm do límite de propiedade privada. Realizando a conexión da instalación interna e a válvula de acometida persoal da concesionaria.

Aos efectos das obrigas do concesionario, este deberá realizar ao seu cargo o mantemento, substitución e reparación, no seu caso, do tramo único de condución limitado pola rede xeral e a chave de rexistro de acometida (chave de corte no exterior da propiedade, que delimita a competencia do concesionario desde esta chave até a rede de distribución). Esta última deberá estar situada obrigatoriamente na vía pública fronte á propiedade do cliente.

A acometida de abastecemento entrará necesariamente polo portal principal do edificio ou lugar de acceso ao terreo que resulte máis próximo á vía pública.

Este parágrafo complementábase e explícase co artigo Vinte e oito deste regulamento, no que respecta á distinción entre a instalación interior xeral e a instalación interior particular.

Dentro da zona urbana, todos os inmobles que dispoñan de acometida de abastecemento deberán abonar a cota de servizo, aínda cando se atopen sen uso ou desocupados. Dita cota continuará devengándose mentres exista a acometida á rede xeral, con independencia da situación de alta, baixa, ou suspensión da subministración cando cumpra.

A contratación das acometidas, a súa instalación, conservación, renovación e manipulación serán competencia exclusiva do concesionario, que realizará os traballos e instalacións a cargo do petionario.

O concesionario confeccionará o orzamento para a execución das obras de acometida conforme ao cadro de prezos vixentes e aprobados polo Concello.

Unha vez posta en funcionamento, a instalación pasará a ser propiedade do Concello.

2. Denomínase rede de distribución de auga potable ao conxunto de tubaxes, cos seus elementos de manobra, control e accesorios, instalado en rúas, camiños e demais vías públicas para distribuír a auga á poboación.

3. Enténdese por acometida de saneamento o conxunto de elementos interconectados que unen a rede pública de saneamento coa instalación privada dunha vivenda ou edificio.

4. O sistema público de saneamento e depuración de augas residuais é o conxunto de bens de dominio público interrelacionados, composto por unha ou máis redes locais de rede de sumidoiros, colectores, estacións de bombeo, conducións de vertedura, estación depuradora de augas residuais e outras instalacións de saneamento asociadas, ao obxecto de recoller, conducir até a estación e sanear, de maneira integrada, as augas residuais xeradas nun ou máis municipios ou en parte dun ou máis municipios. As acometidas ao sistema non forman parte do sistema público.

O sistema de depuración é aquela parte do sistema definido no apartado anterior, composto por unha estación depuradora de augas residuais e a súa condución de vertedura, incluído, no seu caso, un emisario submarino.

O sistema de saneamento é o resto do sistema definido no primeiro apartado.

### **Artigo Dez**

1. A subministración de auga ou a autorización para verteduras das augas residuais será prestado polo concesionario con subxección a este regulamento e demais disposicións de carácter xeral.

De calquera xeito, as verteduras a canles públicas realizaranse sempre nas condicións e circunstancias e cos límites impostos na vixente lexislación de augas, á que o presente regulamento deberá axustarse plenamente.

2. O concesionario poderá establecer limitacións na prestación do servizo de subministración de auga ou para autorizar verteduras de augas residuais, ou realizar devandito servizo en precario, cando as circunstancias do caso así o fagan aconsellable, segundo as condicións previstas no artigo correspondente deste regulamento.

3. Como norma xeral, instalaranse na mesma localización as acometidas de subministración de auga potable e as de vertedura de augas residuais, tramitándose simultaneamente ambas as solicitudes, sempre que exista rede de auga e colectores en servizo.

### **Artigo Once**

1. A efectos de aplicación deste regulamento, poderase denegar o servizo de auga potable e de evacuación de augas residuais, cando o novo enganche represente unha caída de presión apreciable no abastecemento ou unha sobrecarga significativa no saneamento nos respectivos puntos de acometida.

### **Artigo Doce**

1. Cando para a execución dunha acometida sexa necesario efectuar unha prolongación da rede xeral, correrá por conta do solicitante a totalidade dos gastos que se orixinen con motivo da devandita ampliación, e farase constar no orzamento que se confeccione ao efecto.



2. As acometidas ou obras de ampliación executaranse exclusivamente polo concesionario ou, por autorización súa, por un contratista debidamente autorizado por el, para o que deberá dispor da homologación correspondente.

Para executar as acometidas ou obras de ampliación, o cliente deberá depositar previamente ao comezo das obras o importe íntegro do orzamento que, de acordo ao cadro de prezos aprobado polo Concello, lle realizara o concesionario.

A dirección, vixilancia e inspección das ampliacións da rede efectuarase directamente polo concesionario, que fixará, así mesmo, as condicións e especificacións técnicas que deberán ser observadas na súa execución.

3. As prolongacións da rede deberán discorrer, con carácter xeral, por terreos de dominio público. Naquelas partes de rede que se sitúen excepcionalmente en terreos privados, os propietarios dos terreos afectados polo paso da tubaxe porán a disposición do concesionario unha franxa de dous metros de ancho ao longo do percorrido da rede, sen que poidan obstaculizar, por ningún medio, o acceso do persoal ou maquinaria para reparación e inspeccións.

Nos casos en que o solicitante da prolongación da rede non fose propietario dos terreos por onde teña que discorrer a instalación, e non existise outra alternativa, aquel poderá convir co propietario a adquisición do terreo necesario ou constituír unha servidume de acueducto para o establecemento ou prolongación da rede, inscribíndoa no Rexistro da Propiedade.

4. O concesionario, naqueles casos en que a lonxitude da prolongación de rede afecte a varios terreos, ademais do do solicitante, está facultado para repercutir o sobrecusto das obras entre os futuros solicitantes que se vexan beneficiados pola devandita ampliación, e non contribuísen aos gastos da mesma. Todo novo propietario que deba conectar a súa acometida á citada prolongación, satisfará, ademais do custo normal da acometida, un extracusto equivalente ao dobre da parte proporcional que lle corresponda (de acordo coa lonxitude do tramo ou ramal da rede pública que lle afecte). O concesionario distribuirá os ingresos derivados do extracusto entre os clientes que o fixeron efectivo anteriormente, até resarcilos das cantidades asumidas, a medida que se incorporen novos solicitantes de acometidas a ese tramo. A contía do sobrecusto deberá ser indicada expresamente no orzamento de cada solicitante.

Unha vez resarcidas as cantidades asumidas polos primeiros solicitantes (a maiores da parte proporcional que lles correspondese), os ingresos recadados por este sobrecusto reverterán no concesionario, como gastos para a conservación da rede.

A obriga do concesionario fronte ao primeiro solicitante dunha prolongación, e, de forma derivada, fronte a todos os demais que poidan incorporarse posteriormente, prescribirá ao cinco anos de efectuarse o pago desa primeira acometida.

O concesionario terá plena liberdade, e sen que resulten de aplicación os anteriores parágrafos deste apartado, para conectar a estas instalacións as

acometidas xa existentes na zona ampliada.

5. Os inmobles que se constrúan xunto a viarios públicos nos que exista rede de abastecemento e saneamento deberán conectarse obrigatoriamente ás mesmas, sempre que a distancia sexa igual ou inferior a cen (100) metros.

### **Artigo Trece**

1. As instalacións das redes de abastecemento e saneamento propias de urbanizacións, novas rúas ou polígonos, serán executadas polo promotor e ao seu cargo, con subxección ao correspondente proxecto técnico necesariamente aprobado polo Concello, e previo informe favorable do concesionario.

2. Aos efectos deste regulamento, entenderase por urbanizacións e polígonos aqueles terreos sobre os que a actuación urbanística esixa a creación, modificación ou ampliación de infraestrutura viaria e de servizos, tanto se as obras se realizan para conexión entre as distintas parcelas ou soares nos que se divida o terreo, coma se se executan para unir a urbanización ou polígono con outra zona xa urbanizada e con servizos.

Os proxectos de novas urbanizacións deberán realizarse de acordo ao PXOM vixente, que establece a adopción dun sistema separativo de augas, para todos os novos desenvolvementos urbanísticos, de forma que as augas de escorrentía sexan revertidas ás canles públicas, previo tratamento no seu caso.

O deseño da rede de saneamento separativa debe permitir a preservación natural e a capacidade hidráulica das concas de drenaxe actuais e canles fluviais, con obxecto de dar saída ás augas de escorrentía, conservando e preservando na medida do posible o ciclo natural da auga.

3. O permiso de acometida de subministración e saneamento para o polígono ou urbanización, así como para os soares e inmobles alí situados, estará supeditado a que previamente se acredite o cumprimento das condicións seguintes:

- os esquemas das redes interiores de distribución e saneamento, así como as demais instalacións relacionadas, deberán ter sido aprobados polo concesionario do servizo e proxectados por técnico competente, debendo ser executados por conta do promotor ou propietario da urbanización ou polígono, e con cumprimento das normas técnicas do concesionario ou que teña previsto, a tales fins, o propio Concello.
- as obras e instalacións previstas no proxecto aprobado e as modificacións que, convenientemente autorizadas polo concesionario, sexan introducidas posteriormente, executaranse igualmente por conta do promotor ou propietario, ou, no seu caso, por unha empresa instaladora homologada polo concesionario, e sempre baixo a dirección dun técnico deste último.
- o concesionario poderá esixir, tanto durante o desenvolvemento das obras como na súa recepción ou posta en servizo, as probas e ensaios

que estime convenientes, co fin de garantir a idoneidade de execución e o cumprimento das especificacións de calidade que afecten aos materiais previstos no proxecto, sendo os gastos derivados de tales probas a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

No proceso de recepción das novas redes por parte do Concello, o promotor deberá presentar os planos das redes e as probas correspondentes a presión interior e estanqueidade en redes de abastecemento e de estanqueidade en redes de saneamento. Estas probas serán realizadas por persoal especializado mediante empresas certificadas. Igualmente o promotor achegará inspección mediante cámara de TV das redes de saneamento para a verificación do estado dos colectores en fase de recepción.

4. As acometidas de abastecemento, saneamento ou pluviais nos posibles edificios, soares ou parcelas da urbanización, unicamente poderán ser executadas polo concesionario, ou con autorización deste, por contratistas debidamente homologados.

Para executar a acometida de abastecemento, saneamento ou pluviais, o cliente deberá depositar previamente ao comezo das obras o importe íntegro do orzamento que, de acordo ao cadro de prezos aprobado polo Concello, lle realizou o concesionario.

5. A ligazón das redes interiores coas conducións exteriores que forman a rede pública xestionada polo concesionario, así como as modificacións ou eventuais reforzos ás mesmas que houberen de efectuarse nelas, como consecuencia das novas demandas impostas pola urbanización, quedarán perfectamente delimitadas no proxecto previo e executaranse a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

6. Unha vez finalizadas as instalacións, serán verificadas polo concesionario, e, se as atopase conformes, informará o Concello no que lle afecte para a aceptación da propiedade das instalacións, as súas servidumes de paso e usos da urbanización que pasen a dominio público, asumindo a xestión e mantemento dos servizos de abastecemento e saneamento, unha vez que lle sexa ordenado polo Concello.

### **Artigo Catorce**

O dereito á subministración de auga e saneamento dun soar, inmobile ou leira pode extinguirse:

- a) Polas causas previstas na póliza de servizo.
- b) Polo uso indebido das instalacións, que conleve perigo para a seguridade do

servizo ou danos a terceiros.

c) Por incumprimento das normas contempladas neste regulamento.

### **Capítulo III ACOMETIDAS**

#### **Artigo Quince**

O concesionario reservase o dereito de denegar acometidas ás redes de distribución de auga e para evacuación de residuais aos inmobles que non estean dotados da infraestrutura necesaria para ofrecer os servizos de abastecemento e saneamento, e todo iso con independencia das autorizacións ou licenzas de que puidese dispor o solicitante.

#### **Artigo Dezaseis**

1. A solicitude de acometidas ás redes de distribución de auga potable e de evacuación de augas residuais deberá presentarse, de forma independente, para cada parcela/inmoble que legal ou fisicamente constitúa unha unidade de edificación, debendo cada unha delas satisfacer por separado as condicións previstas neste regulamento.

Consideraranse unidades de edificación independentes os edificios dun só portal, ou cada un dos portais no caso de que existan varios nun mesmo edificio. No caso de que un mesmo edificio ou construción teña máis dun acceso, o concesionario poderá decidir a conveniencia de realizar, a medida que lle sexan solicitadas, máis dunha acometida.

Unha acometida unicamente servirá para a unidade de edificación para a que fose solicitada, sen que se permita estendela a varias, aínda cando sexan contiguas ou pertenzan ao mesmo dono. Salvo conveniencias de distribución para o servizo, caso no que se faría a derivación fóra do terreo primitivo.

Se se dividise a propiedade, os novos donos estarían obrigados a executar unha toma independente para cada un.

2. Queda expresamente prohibida a utilización dunha subministración de auga ou dun colector de verteduras por outro terreo ou propiedade distinto daquel para o que se contratou, aínda cando pertenzan ao mesmo dono. No caso de segregacións, divisións ou acumulacións, aínda que non estivesen rexistradas oficialmente, deberán comunicarse estas circunstancias ao concesionario, para a modificación das condicións de acometida e, no seu caso, da póliza de servizo.

3. Naqueles casos nos que, a xuízo do concesionario, exista causa xustificada, o titular do uso dun local comercial ou industrial de planta baixa dun inmoble, poderá contratar, á súa costa, acometidas independentes.

## **Artigo Dezasete**

1. A solicitude de acometidas deberá acompañarse necesariamente da acreditación da propiedade da leira ou local, así como a preceptiva licenza municipal, de obras ou a que poida proceder en cada caso, así como a documentación que se indique en cada momento regulamentada polo Concello.

2. O concesionario determinará, á vista dos datos que achegue o solicitante, das peculiaridades do inmovible e do estado das súas redes, as características e condicións de contratación e execución das acometidas.

Para iso, o petionario da acometida estará obrigado a fornecer ao concesionario de cantos datos lle sexan solicitados en relación coa leira obxecto da petición.

3. O concesionario comunicará ao petionario, tan axiña como lle sexa posible, e, en todo caso, no prazo máximo de trinta días, a súa decisión de aceptar ou denegar a acometida solicitada, e neste caso, as causas da denegación.

## **Artigo Dezaoitto**

O concesionario poderá denegar a solicitude de acometida ou acometidas ás súas redes polas causas ou circunstancias seguintes:

a) Por falta de presentación de calquera dos documentos esixidos.

b) Por incumprimento do estipulado neste regulamento no que se refire a requisitos previos para a conexión ás redes públicas.

c) Cando a cota de vertedura do inmovible para o que se solicita a acometida á rede de saneamento sexa inferior á da rede de condución xeral correspondente, agás o propietario instalase, á súa costa, o sistema de bombeo axeitado.

d) Cando algunha parte das instalacións xerais deba discorrer por propiedade de terceiros, sen que se acredite a constitución da servidume de paso, inscrita no Rexistro da Propiedade ou non se adquira a franxa de terreo afectada.

e) Cando a presión no punto de acometida de abastecemento sexa insuficiente para un correcto servizo, e non se instalaren, a cargo do cliente, o grupo de elevación e alxibe correspondentes.

O concesionario poderá, se o cliente o acepta expresamente, contratar o servizo sen responsabilizarse das deficiencias producidas pola falta de presión.

f) Cando a presión no punto de acometida de abastecemento sexa excesiva para un correcto servizo, e non se instalaren, a cargo do cliente, as medidas de redución de presión axeitadas.

## **Artigo Dezanove**

1. A contratación de acometidas, a súa instalación, conservación, renovación e manipulación serán competencia exclusiva do concesionario, que realizará os traballos e instalacións correspondentes a cargo do peticionario.

2. As avarías que se produzan na acometida de abastecemento no tramo comprendido entre a válvula de rexistro de acometida e a fachada ou linde da propiedade do cliente, poderán ser reparadas polo concesionario, en evitación de danos maiores, de forma directa ou a través de empresas auxiliares, reclamando posteriormente os custos da reparación ao propietario/os do inmovible. Non implicando, en ningún caso, a asunción de responsabilidade sobre os danos a terceiros que poidan ser causados pola avaría.

3. As obras de conexión ao sistema público de saneamento estarán suxeitas ás prescricións da normativa urbanística que resulte aplicable.

Todos os gastos derivados das actuacións de conexión ao sistema, así como os da súa conservación e mantemento, correrán a cargo da persoa usuaria, que é a responsable do seu mantemento.

4. O concesionario confeccionará o orzamento para a execución das obras de acometida conforme ao cadro de prezos vixente e aprobado polo Concello.

No caso de que os planos da rede pública tivesen erros non imputables ao concesionario que o inducisen a presentar un orzamento equivocado, ao seu descubrimento, este quedará obrigado a comunicalos inmediatamente ao solicitante da acometida, realizando un novo orzamento. Á vista do mesmo, o solicitante poderá optar por renunciar á acometida, devolvéndoselle o importe íntegro que aboase.

5. No prazo máximo de noventa días a contar desde a data de notificación ao peticionario, este deberá facer efectivo o importe do orzamento sinalado na notificación, subscribindo o contrato de subministración e saneamento. Pasado este prazo sen que se verifique o pagamento, entenderase que o peticionario desiste das acometidas solicitadas.

6. Aboados polo peticionario os importes regulamentarios e asinado o contrato de subministración de auga e saneamento, o concesionario, ou o contratista ao seu cargo, executará as acometidas. A partir do momento de execución, e realizadas satisfactoriamente as probas de subministración, o concesionario pasará a facturarlle ao cliente as tarifas correspondentes.

7. Unha vez executadas as obras, e no entanto o carácter pechado do orzamento daquelas, o concesionario confeccionará a liquidación das mesmas no prazo máximo de quince días hábiles seguintes ao da súa execución, e deberá estar a correspondente documentación a disposición do cliente.

Toda liquidación firme comporta, tanto para o contratante das acometidas como para o concesionario, a obriga de compensar inmediatamente á outra parte das

diferenzas existentes entre o resultado da liquidación e as cantidades aboadas a conta.

## **Capítulo IV PÓLIZA DE SERVIZO**

### **Artigo Vinte**

Denomínase póliza de servizo ao contrato subscrito entre o concesionario e o cliente, que inclúe os termos e condicións pactados para a subministración de auga e a prestación do servizo de saneamento.

A póliza de servizo concederase con carácter definitivo, aínda que suxeita aos condicionantes legais que establece este regulamento ou que sexan de aplicación.

### **Artigo Vinte e un**

1. Excepcionalmente, o concesionario poderá conceder acometidas ou tomas de auga con carácter provisional e temporal para obras.

Estas tomas concederanse sempre en precario, rexéndose polas mesmas condicións xerais establecidas, máis as que se poidan determinar particularmente para este caso.

2. En ningún caso se utilizará para vivendas e locais a auga subministrada para unha acometida de obra. Ao finalizar as obras, o construtor comunicará este feito ao concesionario e quedará clausurada automaticamente esta acometida, rexéndose a subministración polas condicións xerais establecidas, ou polas que se poidan establecer atendendo ao carácter e finalidade do mesmo.

3. Até a sinatura das pólizas definitivas do servizo, manterase en vigor a póliza do servizo provisional para obra, sendo o construtor ou usuario o responsable de abonar toda a auga consumida, a que se lle facturará á tarifa correspondente, independentemente do uso que tivese, finalizando cando o concesionario estime que remataron as mencionadas circunstancias.

### **Artigo Vinte e dous**

1. O contratante da subministración e saneamento será o titular ou titulares do terreo, local ou industria a abastecer, ou quen o represente legalmente, a salvo das excepcións que se detallan neste artigo.

No seu caso, o contratante poderá ser o inquilino, con autorización bastante da propiedade. Esta autorización implicará a asunción, por parte do propietario, das eventuais responsabilidades e do resarcimento de danos ao concesionario, en caso de incumprimento do contrato de subministración e saneamento por parte do inquilino.

O propietario ten o carácter de substituto do contribuínte, podendo repercutir no seu caso as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficios do servizo. Todo iso conforme ao establecido no artigo 23.2.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

O propietario será responsable subsidiario dos recibos que o inquilino non pague ao concesionario.

2. Non poderá ser cliente da subministración de auga e saneamento quen, séndoo con anterioridade para outro terreo, local ou industria, fose penalizado con suspensión de subministración ou resolución do contrato por falta de pagamento ou medida regulamentaria, a non ser que satisfaga integramente as súas anteriores obrigas, coas recargas, intereses e gastos a que houberse lugar, agás que estea oportunamente recorrida a decisión en forma regulamentaria.

3. Toda acometida será destinada exclusivamente aos usos para os que fose solicitada e concedida, debendo comunicar o cliente previamente ao concesionario calquera modificación, solicitando a súa aprobación e a formalización dun novo contrato no que se inclúan as circunstancias modificadas.

4. Nos casos de cambio de titularidade do terreo, local ou industria abastecidos, e cando sexa o propietario o cliente titular do contrato de subministración, ambos deberán comunicar de maneira que faga fe, dentro do prazo dun mes, o cambio habido, co fin de proceder a formalizar un novo contrato de subministración a nome do novo titular.

5. Nos casos nos que os titulares do contrato de subministración fosen os inquilinos, o novo inquilino deberá substituír a autorización do propietario a que se fai referencia no apartado primeiro deste artigo, por outra similar ao seu nome.

Se houberse modificación de propiedade da finca, local ou industria sen cambio de titularidade do contrato de subministración e saneamento, o novo propietario entenderase inexcusablemente subrogado nas responsabilidades asumidas polo anterior propietario en relación cos incumprimentos do contrato e resarcimento de danos que puidesen causar ao concesionario os inquilinos do inmoble, cando non os asumiran estes.

6. Nos casos en que o solicitante dos servizos sexa unha Comunidade de Propietarios, só poderá contratar os mesmos o seu representante legal, debidamente acreditado.

7. Nos casos en que se soliciten os servizos para execución de obras, o contratante deberá ser o titular da licenza municipal.

8. No caso de traslado de domicilio do cliente, este seguirá sendo responsable do importe do consumo de auga da vivenda que deixou, sempre e cando non se dea de baixa coa antelación suficiente nas oficinas do concesionario.

## **Artigo Vinte e tres**



1. Para formalizar co concesionario a póliza de servizo de abastecemento e saneamento, será necesario realizar previamente nas oficinas daquel a correspondente solicitude, de acordo coas condicións que se establecen neste regulamento.

2. A petición de servizo debe levarse a efecto en impreso normalizado que facilitará o concesionario. Nel, farase constar expresamente o nome do solicitante ou a súa razón social e domicilio propio; domicilio de subministración; carácter da subministración; uso ao que se prevé destinar a auga; domiciliación de notificacións.

3. Calquera cambio no domicilio citado para notificacións debe ser comunicado por escrito ao concesionario. De non facelo así, será eficaz para todos os efectos calquera notificación que o concesionario realice ao domicilio declarado polo asinante da solicitude, excepto no suposto de erro do concesionario ou entidade bancaria.

4. Ao impreso de solicitude acompañarase licenza de apertura cando se trate de local comercial ou industria, licenza de primeira ocupación para o caso de vivendas ou da licenza de obras cando se trate de subministracións para este fin, e canta documentación se determine pola lexislación vixente.

Poderase entregar a solicitude da licenza, rexistrada polo Concello, quedando a alta de subministración en estado provisional. Podendo cancelarse esta subministración, no caso de que non se presente a licenza definitiva ou esta sexa denegada polo Concello.

5. Cada subministración quedará circunscrita aos fins para os que se concedeu, quedando prohibido utilizala con outras finalidades ou modificar o seu alcance, casos que, de pretenderse, farán necesaria unha nova solicitude.

6. Simultaneamente ás peticións de alta, os clientes deberán depositar o importe de seis mensualidades da cota de servizo e da cota de consumo (10 metros cúbicos mensuais para os usos domésticos e 30 metros cúbicos mensuais para os usos non domésticos) en concepto de fianza, a devolver no momento de causar baixa, sempre que estea ao corrente do pagamento dos recibos.

7. Excepcionalmente os supostos nos que o cambio de titularidade sexa consecuencia do falecemento do cliente, a condición de que o cambio se efectúe a favor dunha das persoas que convivisen co falecido, non se esixirá a tramitación dunha nova alta.

## **Artigo Vinte e catro**

1. O concesionario poderá denegar a solicitude de póliza de servizo por calquera das causas seguintes:

- a) Por omisión na solicitude de calquera dos documentos esixidos.
- b) Por inadecuación das instalacións interiores ás prescricións regulamentarias vixentes no momento da petición.
- c) Por solicitar usos non autorizados neste regulamento ou por falsidade na comunicación dos datos.

2. Cando unha soa póliza de servizo xeral corresponda a todo un inmovble, aplicaráselle tantas cotas de servizo como vivendas, locais ou dependencias, resulten afectas á subministración e saneamento xerais. No caso de que non sexan independentes os locais ou dependencias que desenvolvan actividades industriais, facturarase ao conxunto do inmovble a tarifa industrial tipo I.

Aplicándose este punto aínda cando as vivendas as alugue ou ocupe una mesma familia.

3. No entanto do disposto no punto anterior, procurarase independizar os consumos de uso non domestico dos de uso doméstico, ben por medios tradicionais ou mediante a instalación de centralización de lecturas; no caso de que ambas as solucións fosen imposibles ou de custo desproporcionado, prorratearase o consumo total do edificio entre o número de usuarios ou dependencias, facturando, o consumo total dos usuarios afectados a uso non doméstico, a tarifa de uso non doméstico e a tarifa de uso doméstico á suma restante.

## **Artigo Vinte e cinco**

A prestación do servizo concederase única e exclusivamente nas modalidades que se indican:

1. **USOS DOMÉSTICOS.** Son aqueles nos que a auga se utiliza exclusivamente para atender necesidades primarias da vida, preparación dos alimentos e hixiene persoal.

Aplicarase esta modalidade exclusivamente a locais destinados a vivendas ou anexos ás vivendas, sempre que neles non se realice actividade industrial, comercial, profesional nin de servizos de calquera tipo.

2. **USOS COMERCIAIS E INDUSTRIAIS.** Son aqueles nos que a auga constitúe un elemento directo ou indirecto dun proceso de produción ou nos que se utiliza para o acondicionamento, limpeza ou hixiene nun establecemento profesional, comercial, industrial ou de servizos.

Aplicarase esta modalidade a todos os locais ou establecementos nos que se desenvolva unha actividade industrial, comercial, profesional ou de servizos, sexa ou non lucrativa, así como a centros de ensino, deportivos, clubs sociais e recreativos e, en xeral, para todos aqueles non destinados a vivenda.

Terán a consideración de usos industriais aqueles usos, potencialmente domésticos, para os que, como resultado das inspeccións e análises que realizase o Servizo Municipal ou os laboratorios autorizados ao efecto, se determinase unha contaminación improcedente das augas residuais, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrese o actuante.

Estes usos divídense en tres categorías:

**INDUSTRIAL TIPO I:** Nesta categoría engópanse comercios en xeral, oficinas, pequenas clínicas, bancos, barbarías e negocios non incluídos nas categorías II e III.

**INDUSTRIAL TIPO II:** Nesta categoría engópanse negocios relacionados con hostalaría como bares, restaurantes, establecementos hostaleiros, cinemas, residencias ou similares.

**INDUSTRIAL TIPO III:** Nesta categoría engópanse talleres, concesionarios, gasoleiras, industrias, naves industriais ou similares.

Para establecementos comerciais ao por menor será de aplicación a tarifa para usos industriais tipo I, con carácter xeral, agás que o consumo mensual non exceda de 10 metros cúbicos mensuais. Neste caso pasarían a tributar pola tarifa de usos domésticos.

**3. USOS PARA OBRAS.** Son aqueles destinados para obras de construción ou reformas. Dividíndose en dúas categorías:

**OBRA MENOR:** Obras destinadas á construción ou reforma de vivendas unifamiliares, así como obras menores dentro de leiras particulares.

**OBRA MAIOR:** Obras destinadas á construción ou reforma de inmobles de máis dun andar ou naves industriais, así como obras na vía pública.

**4. USOS MUNICIPAIS.** Son aqueles que corresponden aos edificios e instalacións municipais e a aqueles centros ou servizos dependentes do Concello que determine este expresamente, coa comunicación pertinente ao concesionario, e que gozarán dunha exención total no pagamento da subministración de auga potable. Co límite marcado na documentación que forma parte da concesión.

O Concello autoriza ao concesionario a instalar contadores en todos e cada un dos puntos de subministración que lle afecten, calculándose polos servizos técnicos do concesionario os consumos municipais onde, polas características dos devanditos puntos, non poida instalarse contador.

**5. USOS ESPECIAIS.** Consideraranse subministracións especiais aquelas non incluídas nas modalidades anteriores, ben se trate de subministracións a tanto alzado, aforamentos, láminas e subministracións singulares, e, en xeral, todas aquelas nos que non fose posible instalar elementos de medida.

## **Artigo Vinte e seis**

1. Para a suspensión do servizo de abastecemento a un cliente, o concesionario deberá seguir os trámites legais previstos ao efecto.

A utilización inadecuada por parte dun cliente do servizo de saneamento poderá levar á suspensión do servizo de abastecemento, como medida complementaria.

2. O concesionario poderá suspender o servizo de abastecemento e/ou saneamento a un cliente nos seguintes casos:

a) Se non satisfai, puntualmente, o importe dos servizos conforme ao estipulado na póliza de subministración.

b) Por fraude ou falta de pagamento das cantidades resultantes de liquidacións en firme de fraude, ou no caso probado de reincidencia no mesmo.

c) En todos os casos nos que o cliente empregara a auga que se lle subministre en forma ou para usos distintos dos contratados.

d) Cando o cliente estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para subministración de auga ou evacuación de residuais a outros locais ou vivendas diferentes á consignada na súa póliza de servizo.

e) Cando o cliente non permita a entrada no local ao que afecta a póliza de servizo, en horas hábiles ou de normal relación co exterior, ao persoal que, autorizado polo concesionario e provisto da súa correspondente documentación acreditativa, trate de revisar as instalacións, sendo preciso, en tal caso, que se faga constar a negativa ante testemuñas, e en presenza dalgún axente da autoridade.

f) Por negligencia do cliente respecto da reparación de avarías nas súas instalacións, que poidan causar danos ás redes, á vía pública ou a terceiros, dispendo de 5 días, unha vez notificada a avaría, para efectuar a reparación.

g) En caso de realizar verteduras non autorizadas que poidan producir danos nas instalacións de saneamento ou depuración, aténdose o concesionario á lexislación vixente.

3. Os gastos orixinados polo corte de subministración de auga e/ou saneamento e o seu posterior restablecemento serán por conta do cliente, que non recuperará o servizo ata que non proceda ao seu pagamento.

## **TITULO SEGUNDO. ABASTECIMIENTO DE AUGA**

### **Capítulo I XERALIDADES**

#### **Artigo Vinte e sete**

1. Corresponde ao concesionario a prestación dos seguintes servizos, relacionados co abastecemento de auga á poboación do municipio:

a) A prestación do Servizo de subministración domiciliaria de auga potable, realizando, dentro do termo municipal de Narón, todas as funcións propias do mesmo, tales como as de captación, adución, tratamento e distribución de auga potable, instalación e mantemento de contadores, xestión de abonados, emisión de recibos, facturación e cobro dos mesmos, tanto en prazo voluntario como en vía de prema.

b) A conservación, explotación, construción de cantas instalacións estean ou poidan estar afectas aos servizos municipais de auga.

c) O cobro das tarifas e taxas aprobadas de auga que corresponda aos particulares, pola prestación dos servizos e concesións outorgados, así como calquera outra tarifa ou taxa municipal cuxo cobro lle foi adxudicado a esta sociedade mediante concerto co concello.

d) A execución, dirección e financiamento de calquera das obras que sexan precisas para o mantemento, reposición, mellora ou ampliación, até alcanzar o mellor estado da técnica, das redes de distribución, depósitos e demais infraestruturas do servizo de abastecemento de auga potable.

e) A realización de calquera estudo e traballos, tanto de natureza técnica, como económica, xurídica ou administrativa, que sexan precisos para a prestación dos servizos e a realización das actividades indicadas nos apartados precedentes, e moi especialmente a realización de estudos e proxectos técnicos, e a realización dos estudos de custos e tarifarios.

2. Os servizos regulados neste regulamento comprenden e alcanzan á

poboación de Narón e ao seu termo municipal.

## **Artigo Vinte e oito**

1. Para a execución das instalacións interiores é de aplicación o Código Técnico da Edificación. A prescrición desta norma xeral será substituída ou complementada automaticamente por aquelas que, con ese carácter, se aproben no futuro.

2. Enténdese por instalación interior xeral de abastecemento a comprendida entre a válvula de rexistro de acometida (válvula de rexistro no exterior da propiedade) e a chave de saída do contador ou batería de contadores.

O seu mantemento correrá a cargo dos clientes. Calquera modificación da instalación interior xeral debe ser comunicada con anterioridade ao concesionario.

A tubaxe instalarse de tal forma que, no caso dunha fuga de auga, esta se evacue ao exterior da propiedade de forma visible. En calquera caso, a responsabilidade polos danos producidos por fugas de auga nesta parte da instalación corresponderá ao cliente.

3. Enténdese por instalación interior particular a parte de instalación interior comprendida entre a chave de saída do contador e os puntos previstos para servizo de abastecemento dentro do inmovible, correndo a cargo do cliente ou usuario a súa substitución, reforma e conservación.

Calquera fuga de auga neste tramo será medida polo contador e facturada ao cliente de acordo coas tarifas correspondentes. Se se tratase dunha fuga oculta, o cliente poderá solicitar do concesionario a bonificación do 50% do exceso de consumo facturado sobre o consumo do cliente no mesmo período do ano anterior, sendo potestativo do concesionario, analizadas as circunstancias de cada caso, proceder a esta bonificación, que non afectará á obriga inmediata de reparación da fuga, unha vez descuberta, por parte do cliente e á súa costa. O cliente deberá acreditar que resolveu a incidencia achegando ao concesionario a documentación, expedida por instalador homologado, xustificativa da reparación da fuga.

Esta medida bonificativa de carácter excepcional non se aplicará a unha mesma subministración máis dunha vez nun período de 2 anos.

A relación de abonos por este concepto rexistrarse axeitadamente e estará a disposición do Concello.

4. Para edificios de nova construción e aqueles casos nos que a rehabilitación do edificio afectase as conducións interiores, é obrigatoria a instalación dunha batería de contadores divisionaria, en todos aqueles casos en que se pretenda

dar servizo a máis dun cliente coa mesma acometida.

5. A batería de contadores localizarase nun lugar provisto de iluminación eléctrica. O chan disporá dun desaugadoiro con capacidade suficiente. Deberá axustarse na súa disposición ao consignado no Código Técnico da Edificación.

6. O diámetro do entubado xeral da instalación interior será necesariamente igual ao da acometida, podendo reducirse gradualmente segundo os servizos que deba abastecer.

7. As chaves de paso que se utilicen serán do mesmo diámetro que as tubaxes onde van colocadas. E as que se coloquen antes dos contadores deberán ir perforadas nun dos ángulos da montura, coa finalidade de que poidan ser precintadas polo servizo.

8. O persoal do concesionario terá libre acceso, e de forma permanente, ao recinto onde estea instalada a batería de contadores, a fin de que se poida verificar a inspección regulamentaria.

9. Con anterioridade á conexión á rede xeral de toda nova instalación interior, o concesionario procederá a unha revisión minuciosa desta última, sen que poida efectuarse o enganche de non acreditarse o cumprimento das condicións previstas neste regulamento.

En consecuencia, queda prohibida a conexión de calquera instalación interior á acometida, sen previa autorización por escrito do concesionario.

## **Artigo Vinte e nove**

1. O concesionario poderá establecer as condicións e prioridades no uso da auga potable no suposto de restricións por seca, catástrofes ou accidentes graves nas instalacións de captación, tratamento ou distribución da auga, utilizando o seu mellor criterio para reducir o dano á poboación afectada, e, comunicando as medidas adoptadas, informarase ás autoridades competentes e comunicarse a través dos medios de difusión máis axeitados. Deberá informar prioritariamente ao Concello destas medidas, a súa previsible duración e das razóns que levaron a adoptalas, sen prexuízo da normativa xeral de seguridade civil que sexa de aplicación.

En épocas de seca, nas que puidese ser necesaria a restrición de consumo, esta comezará polos clientes con tarifa industrial e todos aqueles que quedasen suxeitos ás medidas que crea oportuno adoptar o Concello.

2. Os clientes que prevexan utilizar a auga para alimentar aparellos ou instalacións que poidan verse danados como consecuencia dunha suspensión ou diminución de presión na subministración e aqueles que desenvolvan actividades ou presten servizos nos que a auga sexa elemento de necesidade permanente, deberán instalar depósitos con capacidade suficiente e adoptar, en

xeral, as medidas necesarias para garantir a continuidade do servizo.

É aconsellable que o depósito sexa dimensionado de forma que poida cubrir a subministración por un período de tempo correspondente ao consumo medio de corenta e oito horas.

Estes depósitos serán pechados e ventilados. No caso en que poida pasar auga á rede xeral desde o depósito, por falta de presión na rede, instalarase unha válvula de retención á saída dos contadores.

3. Cando se instalen acumuladores de auga ou calefacción a presión, é obrigatoria a colocación dunha válvula de retención antes dos depósitos ou caldeiras e no tubo de alimentación destas, coa finalidade de evitar que por mor dun corte de subministración na rede ou dun aumento de presión nos aparellos, a auga quente poida pasar ás tubaxes xerais de subministración.

4. Non se permitirá a particulares e empresas utilizar a augas das fontes públicas para usos industriais e obras.

5. O concesionario non se fai responsable por interrupcións involuntarias do servizo de sumministración de auga, ou cando sexa necesario executar obras ou reparacións na rede xeral de distribución, podendo cortar o abastecemento aos seus abonados, pero estes non teñen dereito a reclamación ningunha por este concepto.

Tampouco haberá dereito de indemnización cando se interrompa o servizo a consecuencia de escaseza, de calquera motivo de seca, xeadas ou calquera outra causa de forza maior.

6. O concesionario deberá cubrir, na súa condición de xestor das infraestruturas, a súa eventual responsabilidade civil por danos causados a terceiros subscribindo unha póliza de seguro axeitada.

7. Os danos ou prexuízos que se orixinen a terceiros por culpa do cliente, ben sexa por negligencia ou abandono do coidado que debe ter da instalación de auga, serán exclusivamente por conta deste.

## **Artigo Trinta**

1. En todos os inmobles nos que, debido á cota á que se atopen, ou naqueles en que, por albergar un alto número de usuarios, a presión da rede no punto de acometida poida ser insuficiente para o correcto abastecemento, será obrigatoria a instalación do grupo elevador e depósito que garantan o abastecemento regular a todas as vivendas ou locais da finca.

É aconsellable que o edificio teña depósito de reserva, con capacidade superior a corenta e oito horas de consumo normal.

2. Como medida de hixiene e control, recoméndase que estes depósitos



dispoñan dos medios axeitados para a súa doada e eficaz limpeza periódica. Obrigatoriamente, deberán estar provistos dun rexistro de entrada, desaugadoiro e tubo de ventilación.

O desaugadoiro do depósito de reserva irá conectado á rede de saneamento.

3. Os depósitos de reserva conectaranse obrigatoriamente ao tramo de acometida interior, é dicir, con posterioridade ao emprazamento do contador.

O propietario dun edificio será responsable de manter a instalación interior (rede interior, depósito de reserva, etc.) a efectos de evitar modificacións da calidade da auga de consumo humano desde a acometida até a billa.

## **Capítulo II UTILIZACIÓN DO ABASTECIMENTO**

### **Artigo Trinta e un**

O cliente, baixo a súa exclusiva responsabilidade, intransferible a terceiras persoas, non poderá:

1. Mesturar augas doutra procedencia, aínda que estas fosen potables, na instalación interior conectada á rede pública.
2. Inserir nas tubaxes de abastecemento, sen previa autorización do concesionario, bombas ou calquera aparello que modifique ou poida afectar as condicións da rede de distribución na súa contorna e, consecuentemente, interfiran co servizo prestado a outros clientes.
3. Revender ou ceder, mesmo a título gratuíto, a auga fornecida polo concesionario.
4. Modificar os accesos aos contadores e equipos de medida, sen comunicación ao concesionario.
5. Utilizar a auga do servizo público para fins distintos aos contratados.
6. Manipular as instalacións interiores xerais nin instalar elementos nelas.
7. Realizar consumos de auga que non sexan controlados polo equipo de medida ou introducir calquera alteración nas instalacións que permitise estes consumos.
8. Ocasionar voluntariamente ou por conduta negligente fugas de auga.
9. Romper ou alterar os precintos dos equipos de medida.

## **Artigo Trinta e dous**

1. O propietario dun edificio será responsable das avarías que se produzan na instalación interior xeral, tendo a obriga de advertir inmediatamente ao concesionario cando teña coñecemento da avaría.

2. O propietario realizará, ao seu cargo, coa maior rapidez que lle sexa factible e, en todo caso, dentro dun prazo máximo de cinco días naturais, a reparación das avarías que se presenten na instalación interior xeral, acordando co concesionario o modo e data de reparación. O concesionario realizará o corte provisional necesario para a reparación e inspeccionará a instalación con posterioridade á mesma, antes de renovar o servizo.

3. Se, a xuízo do concesionario ou de técnico competente, se determinase que existe perigo grave para a seguridade das persoas por mal estado das instalacións, ou ameaza de danos graves, o concesionario poderá suspender a subministración de forma inmediata, pón道o en coñecemento do interesado, Neste caso, como naqueloutros nos que exista necesidade de acometer a reparación con urxencia, o concesionario poderá repercutir ao cliente os gastos en que se incorrese, debidamente xustificadas.

4. A reparación das avarías que se produzan na instalación interior particular (é dicir, a posterior á chave de paso ou á chave de saída de contador), son de única responsabilidade do cliente, quen deberá realizar pola súa conta a reparación, que executará un industrial fontaneiro debidamente cualificado.

5. As reformas na instalación interior que execute o propietario dun edificio, nave ou local, con posterioridade á inspección executada para a alta, deberán ser comunicadas ao concesionario, e suporán a necesidade dunha nova inspección e autorización, cuxos custos correrán a cargo do cliente, De non realizarse esta comunicación, no caso de eventuais fugas na instalación interior, calquera que sexa a súa natureza, o concesionario non aplicará redución algunha na facturación da auga perdida.

## **Artigo Trinta e tres**

1. A utilización das acometidas de incendios quedará restrinxida ás persoas autorizadas directamente polo cliente que as solicitou, ao concesionario e aos servizos públicos destinados á extinción de incendios.

2. As redes interiores de incendio serán sempre independentes das restantes existentes na finca en que se instala e non poderá ser conectada derivación algunha para outros usos.

3. Nas instalacións contra incendios instalaranse contadores de paso total, clase A para control exclusivo de consumo na acometida xeral.

## **Artigo Trinta e catro**

1. Para a execución de obras de urbanización ou ordinarias e daquelas instalacións que se realicen nas rúas, vías públicas ou bens de dominio público, o concesionario autorizará, a petición da Entidade pública ou do contratista adxudicatario da obra, o uso da auga procedente das bocas de rega ou hidrantes.

Este modo de uso da auga esténdese tamén ás Festas, Circos, ou calquera outro evento e/ou actividade de carácter lúdico. Para a contratación destes usos especiais é condición indispensable que a actividade á que está destinada estea autorizada por escrito polo Concello de Narón e comunicada ao Concesionario.

2. Cando o solicitante sexa o contratista, deberá constituír previamente ante o concesionario, para responder de eventuais danos sobre as instalacións públicas, un depósito equivalente ao dobre do valor de reposición da boca de rega ou hidrante. A constitución deste depósito e o dereito a utilizar a auga por estes medios quedará reflectido nun acordo específico, O depósito seralle devolto ao contratista, unha vez transcorrido o prazo de utilización da subministración, se non se produciron danos.

3. O consumo de auga a que se refire o presente artigo será abonado polo contratista ou usuario, segundo o consumo rexistrado polo contador que o concesionario instalase para ese efecto ou, en todo caso, en aplicación das taxas establecidas para estes usos.

4. Agás nos casos previstos nos anteriores números deste artigo, a utilización das bocas de rega ou hidrantes só estará permitida aos servizos públicos de extinción de incendios e a outros servizos municipais, calquera que sexa a forma de xestión, quedando exentos de pago os consumos que se produzan pola utilización daquelas.

## **Capítulo III CONTADORES**

### **Artigo Trinta e cinco**

1. Os contadores ou medidores de caudais de subministración de auga potable serán dos tipos aprobados e verificados polas Delegacións de Industria ou Organismos competentes. En todo caso deberán contar co recoñecemento de homologación do concesionario. O dimensionamiento e fixación das características dos contadores será facultade do concesionario, que o realizará á vista da declaración de consumo que formule o cliente na súa solicitude de subministración, e de conformidade co establecido no Código Técnico da Edificación, podéndosele esixir ao cliente a modificación da súa instalación particular para adaptar o calibre do contador ao consumo comprobado.

2. Para outorgar novas pólizas de subministración será indispensable que o cliente adquira o contador. O concesionario poderá dispor que, con carácter xeral, se instalen contadores nas vivendas e locais comerciais e industrias que carezan deles, baixo apercibimento de que se puidesen introducir tarifas especiais para o consumo a cano libre ou na súa falta, procederase ao corte da subministración.

3. Os contadores poderán ser indistintamente propiedade dos clientes do Servizo ou do concesionario, salvo que a lexislación relativa a equipos de medida prevexa outra cousa.

4. Os novos clientes poderán adquirir libremente os contadores nos lugares que estimen oportunos, sempre que os mesmos cumpran coas esixencias ás que se refire o punto primeiro deste artigo.

5. Nas acometidas destinadas a redes contra incendios será obrigatoria a colocación dun contador de paso libre. Será de obrigatoria instalación para as construcións de nova creación. As instalacións existentes terán un prazo non superior a un ano para a colocación deste.

6. O concesionario manterá unhas existencias de contadores, axeitadas ás necesidades e caudais da subministración, para a súa venda aos clientes que o soliciten. A venda dos devanditos contadores realizarase de conformidade coas tarifas que se establezan.

7. Nos terreos que comprendan varias vivendas ou industrias e, por conseguinte, varios clientes, faranse instalacións individuais a cada unha delas de forma que os contadores se poidan colocar en arquetas axeitadas ou todos xuntos en batería, e en lugar facilmente accesible do portal, patio ou baixo do edificio. Norma que tamén se terá en conta no caso de que sexa un único cliente.

Se houbese dificultade na elección do sitio de emprazamento, o dono deberá solicitar ao concesionario que se lle indique o lugar de colocación.

### **Artigo Trinta e seis**

1. A colocación e instalación de contadores realizarase exclusivamente polo concesionario, correndo os gastos a conta do cliente. O custo de instalación quedará determinado polo correspondente cadro de prezos.

2. A substitución ou reparación dos contadores inutilizados ou avariados, corresponderá ao concesionario, quen facturará aos usuarios o importe das devanditas substitucións ou reparacións de acordo co cadro de prezos unitarios aprobado polo Concello e vixente en cada momento.

### **Artículo Trinta e sete**

1. Establécese, aos efectos deste regulamento, que a vida útil máxima dun

contador é de dez anos.

2. Cando un contador en réxime de alugueiro ou de propiedade deba ser substituído, o concesionario notificará a data de substitución do contador aos clientes, xunto co prezo de tarifa aprobado para o contador do tipo correspondente para os casos de alugueiro ou adquisición en propiedade. No caso de non recibir comunicación en contra, o concesionario substituirá o contador mantendo o réxime de alugueiro para o novo equipo.

3. A colocación do contador polo propio usuario non eximirá do pagamento ao concesionario da tarifa de instalación correspondente, quen, ademais, poderá rexeitar a instalación efectuada por terceiros en caso de ser incorrecta.

### **Artigo Trinta e oito**

1. Toda vivenda unifamiliar ou local comercial -independentemente de que sexa destinado a actividades industriais, ao exercicio profesional ou á prestación de calquera servizo- disporá dun contador individual.

2. Os edificios en que fose necesario instalar grupos de elevación de auga, deberán dispor dun contador xeral para control de consumos. Este contador xeral de referencia estará instalado na cabeceira da acometida ao depósito comunitario, e na póliza correspondente a esta acometida figurará como cliente a comunidade de usuarios.

3. O consumo do contador xeral de referencia deberá ser igual á suma das medidas dos contadores individuais. A facturación levarase a cabo polos importes correspondentes a cada contador individual. Con todo, cando o consumo do contador xeral fose maior que a suma das medidas dos contadores individuais, a diferenza facturarase á comunidade de usuarios.

### **Artigo Trinta e nove**

1. O cliente estará obrigado a facilitar ao persoal do concesionario, quen deberán levar a oportuna identificación, o acceso ao contador.

A lectura dos contadores polo concesionario deberá facerse no período comprendido entre as oito e as vinte horas.

2. Co obxecto de facilitar o acceso aos contadores, estes deben instalarse nun lugar de uso comunitario e de acceso doado.

3. No caso de que a instalación exterior do contador non sexa viable por razóns técnicas, este poderá instalarse no interior da vivenda ou local, pero irá dotado obrigatoriamente dun sistema de lectura remota, que instalará o concesionario dependendo das características da instalación, segundo as taxas aprobadas na Ordenanza vixente. A instalación dos medios para a lectura remota sempre a realizará o concesionario.

4. Ademais, segundo o contemplado no Código Técnico da Edificación, os contadores divisionarios deberán en todo caso contar con preinstalación axeitada para unha conexión de envío de sinais para lectura a distancia do contador.

5. O concesionario resérvase o dereito de comprobar, cando o considere necesario ou oportuno, todo contador que considere que teña un funcionamento dubidoso.

## **Artigo Corenta**

1. No caso de que un cliente estime que o volume de auga consumida na súa instalación non corresponda ao rexistrado polo seu contador, poderá solicitar a súa revisión ao concesionario. O cliente deberá depositar para ese efecto as tarifas de verificación correspondentes.

2. O concesionario deberá desmontar o contador e remitilo a un laboratorio homologado oficialmente. O concesionario substituirá inmediatamente o contador que deba ser verificado por outro novo e correctamente homologado.

3. Se se probase que o funcionamento do contador é correcto, o cliente perderá a fianza de verificación depositada. Se o funcionamento do contador fose incorrecto, devolverase ao cliente a cantidade depositada como fianza, resultando os gastos de verificación a cargo do concesionario.

As tolerancias para verificación de contadores serán as que fixe, en cada caso, o Centro Nacional de Metroloxía ou Organismo equivalente.

4. En caso de verificación de funcionamento incorrecto, e exclusivamente para aqueles casos nos que o propoñente sexa o cliente, o concesionario procederá a refacer as liquidacións por consumo de auga, corrixidas nas porcentaxes de desviación detectadas, correspondentes ao seis meses anteriores ao momento da petición de verificación polo cliente.

5. Os contadores que se atopen inutilizados (ou a súa deterioración non permita a lectura fiable), sen que a situación se producise por actuacións do cliente, o concesionario, para efectuar a liquidación, avaliará o consumo proporcionalmente ao rexistrado no período equivalente do ano anterior. Se non existise período de referencia, facturarase unha media aritmética dos últimos seis meses.

Naqueles casos nos que non existan datos históricos para obter a media á que se alude no parágrafo anterior, os consumos determinaranse con base á media que se obteña en función dos consumos coñecidos de períodos anteriores. Se tampouco isto fose posible, facturarase a cota de servizo correspondente e unha cota de consumo de 10 metros cúbicos mensuais para os usos domésticos e 30 metros cúbicos mensuais para os usos non domésticos.

O concesionario comunicará ao cliente a obriga de substituír o contador nun prazo de 30 días. De non facelo, instalarase un contador por parte da concesionaria, en réxime de alugueiro.

6. No caso de usuarios domésticos, se a falta de medición se debe á carencia de contador, notificarase ao cliente a necesidade de instalación do mesmo. Pasados tres meses desde o aviso sen que se proceda á colocación do contador sen alegar causa xustificada, a cota de consumo estimarase en 20 metros cúbicos mensuais.

### **Artigo Corenta e un**

1. O cliente poderá instalar, pola súa conta e para a súa propia administración, cantos contadores divisionarios de consumo estime convenientes.

2. O concesionario guiarase, con todo, para a facturación de consumos, exclusivamente polos equipos de medida do Servizo, non estando obrigado a aceptar as reclamacións que se apoien en lecturas dos contadores non instalados polo concesionario.

### **Artigo Corenta e dous**

1. A lectura periódica dos contadores será realizada por empregados do concesionario ou persoas utilizadas por este, debidamente acreditados. A lectura tomada determinará o consumo do cliente.

A facturación de consumos farase trimestralmente, independentemente da periodicidade coa que se efectúen as lecturas.

Cando, por circunstancias alleas á vontade do concesionario, non fose posible a lectura do contador do cliente, o empregado estará obrigado a deixar constancia da súa visita, depositando na caixa de correos do cliente ou similar un cartón no que reflectirá esa circunstancia e na que o cliente poderá deixar constancia da lectura efectuada por el mesmo.

O cliente deberá devolver o impreso de lectura debidamente cumprimentado antes dos seis días seguintes á data de entrega do mesmo polo lector.

Os impresos de lectura recibidos polo concesionario con posterioridade a este prazo poderán ser considerados nulos, realizándose a facturación coma se non existise lectura.

## **TITULO TERCEIRO. SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

### **Capítulo I XERALIDADES**

#### **Artigo Corenta e tres**

A efectos deste regulamento, e segundo as definicións do decreto 141/2012, enténdese por:

a) Sistema público de saneamento e depuración de augas residuais: conxunto de bens de dominio público interrelacionados, composto por unha ou máis redes locais de rede de sumidoiros, colectores, estacións de bombeo, conducións de vertedura, estación depuradora de augas residuais e outras instalacións de saneamento asociadas, ao obxecto de recoller, conducir até a estación e sanear, de maneira integrada, as augas residuais xeradas nun ou máis municipios ou en parte dun ou máis municipios. As acometidas ao sistema non forman parte do sistema público.

b) Sistema de depuración: aquela parte do sistema definido no apartado anterior, composto por unha estación depuradora de augas residuais e a súa condución de vertedura, incluído, no seu caso, un emisario submarino.

c) Sistema de saneamento: o resto do sistema definido no apartado a).

d) Augas residuais urbanas: as augas residuais domésticas ou a mestura delas coas augas residuais non domésticas, así como con augas de escorrentía pluvial.

e) Augas residuais domésticas: as augas residuais procedentes dos usos residenciais das vivendas, actividades comerciais sen almacenaxe, oficinas e talleres integrados nas vivendas, xeradas principalmente polo metabolismo humano e as actividades domésticas.

f) Augas residuais non domésticas: as augas residuais vertidas desde establecementos nos que se efectúe calquera actividade industrial, agrícola ou gandeira, que non sexan augas residuais domésticas ou de escorrentía pluvial. Entenderase por actividade industrial aquela que consista na produción, transformación, manipulación, reparación e almacenaxe de materias primas e produtos manufacturados.

g) Augas brancas: as augas que non foron sometidas a ningún proceso de transformación de maneira que a súa potencial capacidade de perturbación do medio é nula e, por tanto, non deben ser conducidas mediante os sistemas públicos de saneamento. A súa procedencia é diversa: augas destinadas á rega agrícola, augas subterráneas, augas superficiais, fontes ou mananciais, e augas procedentes da rede de abastecemento.

h) As augas de escorrentía pluvial terán carácter de augas brancas ou de augas residuais urbanas en función da posibilidade de alteración dos obxectivos de calidade do medio receptor. Así mesmo, terán esta consideración as augas de refrixeración en función das súas características.

i) Residuos sólidos ou semisólidos xerados: os bulleiros orixinados nos sistemas públicos de saneamento e depuración de augas residuais urbanas, así como o resto de residuos xerados nos sistemas públicos de saneamento e depuración.



j) Entidade xestora: a Administración pública que teña encomendada a xestión de cada un dos sistemas públicos de saneamento e depuración de augas residuais, de acordo co disposto nos artigos 26 e 27 da Lei 9/2010 de augas de Galicia, e con independencia de que o servizo se preste directa ou indirectamente.

k) Usuarios domésticos: aqueles que verten augas residuais domésticas.

l) Usuarios non domésticos: aqueles que verten augas residuais non domésticas.

m) Estación depuradora de augas residuais: conxunto de instalacións necesarias para, como mínimo, o tratamento físico, fisicoquímico ou biolóxico das augas residuais domésticas.

n) Acometida: conxunto de elementos interconectados que unen a rede pública de saneamento coa instalación privada dunha vivenda ou edificio.

o) Redes unitarias: aquelas que constan dunha soa canalización pola que en tempo seco circulan augas residuais urbanas e que en tempo de choiva asume tamén a función de drenar as augas pluviais, provocándose unha mestura de ambos os tipos de augas.

p) Redes separativas: aquelas que constan de dúas canalizacións independentes; unha delas transporta as augas residuais de orixe doméstica, comercial ou industrial até a estación depuradora, e a outra conduce as augas pluviais até o medio receptor, ou até un posible sistema de tratamento previo á súa vertedura.

### **Artigo Corenta e catro**

Agás no caso dos supostos previstos neste regulamento, o contrato de servizo corresponderá conxuntamente ao servizo de abastecemento e ao de saneamento.

### **Artigo Corenta e cinco**

1. O concesionario está facultado para a prestación dos seguintes servizos relacionados co saneamento:

a) A prestación de Servizo de saneamento realizando todas as tarefas propias do mesmo, como son a recollida e evacuación de augas residuais e pluviais dentro do termo Municipal de Narón, a depuración das mesmas e a súa reutilización.

b) A conservación, explotación, construción de cantas instalacións estean ou poidan estar afectas aos servizos municipais de saneamento.

c) O cobro das tarifas e taxa aprobadas de saneamento que corresponda aos particulares, pola prestación dos servizos e concesións outorgados, así como calquera outra tarifa ou taxa municipal cuxo cobro lle foi adxudicado á concesionaria mediante concerto co concello.

d) A execución, dirección e financiamento de calquera das obras que sexan precisas para o mantemento, reposición, mellora ou ampliación, até alcanzar o mellor estado da técnica, das conducións de recollida e evacuación de augas residuais e pluviais, imbornais, pozos de rexistro, bombeos e demais infraestruturas do servizo de rede de sumidoiros e as redes de colectores xerais, impulsións, e estacións de tratamento e depuración de augas residuais.

e) A realización de calquera estudo e traballos, tanto de natureza técnica, como económica, xurídica ou administrativa, que sexan precisos para a prestación dos servizos e a realización das actividades indicadas nos apartados precedentes, e moi especialmente a realización de estudos e proxectos técnicos, e a realización dos estudos de custos e tarifarios.

2. Os servizos regulados neste regulamento comprenden e alcanzan á poboación de Narón e ao seu termo municipal.

### **Artigo Corenta e seis**

1. O servizo de saneamento será de recepción obrigatoria, polo que en consecuencia, todos os inmobles situados a unha distancia inferior a cen metros dalgunha arteria da rede de saneamento, deberán estar dotados deste servizo. Para iso, solicitarán a acometida correspondente, que se realizará a conta do cliente, de acordo coas taxas aprobadas polo Concello.

Percibiránse as taxas correspondentes aínda cando os suxeitos pasivos non realicen o enganche á rede xeral. Ou mesmo se o inmovible se atopase sen ocupar (caso no que se abonará a cota de servizo).

2. Todas as fosas estancas de vivendas ou fosas estancas asimilables (non procedentes de vivendas pero nas que a contaminación presente na auga residual afluyente á fosa proceda exclusivamente do metabolismo humano), estarán obrigadas ao baleirado do contido das mesmas na EDAR, sempre que a capacidade das instalacións municipais así o permita e de acordo coas taxas vixentes.

3. É responsabilidade do cliente, como propietario da fosa séptica, a execución das obras necesarias para o seu correcto funcionamento e o seu mantemento.

4. Queda prohibida a utilización da fosa séptica unha vez que se procedeu á conexión á rede de saneamento municipal.

### **Artigo corenta e sete**

1. A tarifa de abastecemento e saneamento a aplicar deberá ser, en todos os casos, uniformemente, doméstica, industrial I, industrial II, industrial III, obra menor ou obra maior.

### **Artigo Corenta e oito**

Os edificios fronte aos que exista rede de colectores pública, verterán a esta directamente as augas pluviais e residuais a través da correspondente acometida, sen atravesar propiedades de terceiros.

Será necesario que as augas vertidas cumpran as condicións físico-químicas esixidas neste regulamento e, no seu caso, na lexislación vixente.

### **Artigo Corenta e nove**

1. As instalacións interiores de desaugadoiro dun edificio que se localicen a cota inferior á rasante da rúa, deberán ser completamente estancas á presión de 1 kg/cm<sup>2</sup>.

2. As acometidas para a recollida das augas residuais de pranta baixa e pisos superiores, así como as augas de choiva, descargarán por gravidade ao colector xeral. Esta será mediante acometida a pozo de rexistro visitable ou arqueta pegada ao límite da propiedade.

Os sotos recollerán as augas residuais e freáticas nun depósito regulador, sendo posteriormente bombeadas ao colector xeral mediante acometida a pozo de rexistro visitable.

No caso en que o caudal do nivel freático o aconselle, disporase dunha bomba de reserva.

3. Naqueles casos en que os desaugadoiros dun edificio se atopen a cota inferior á do colector da rúa, o propietario ou propietarios instalarán ao seu cargo a infraestrutura e equipo de bombeo necesario para efectuar a vertedura á rede pública.

### **Artigo Cincuenta**

1. As vivendas, locais comerciais e industrias que dispoñan de sumministración a través de comunidades de augas veciñais e os titulares de actividades industriais, con sistema de captación debidamente autorizado, deberán instalar un contador de medida que permita a súa lectura e comprobación por parte do concesionario co obxecto de determinar a correspondente cota de consumo. Polo que o contador deberá estar situado nun lugar accesible para o persoal lector da concesionaria ou os técnicos municipais.

2. Está prohibido a vertedura á rede pública de saneamento de augas residuais

por quen non sexan clientes do Servizo.

## **Capítulo II. USO DO SISTEMA DE SANEAMENTO**

### **II.1. Acometidas á rede de saneamento**

#### **Artigo Cincuenta e un**

1. As acometidas de saneamento serán realizadas exclusivamente polo concesionario ou, por autorización súa, por contratistas debidamente homologados.

2. As acometidas de saneamento que, pola súa antigüidade e mal estado, non cumpran correctamente as súas funcións e deban ser substituídas na súa totalidade, suporán a realización polo concesionario dun orzamento que será presentado ao cliente para proceder ao cambio da acometida.

En todo caso o concesionario quedará eximido de toda responsabilidade fronte aos eventuais efectos de mal funcionamento da acometida de saneamento, que serán de conta exclusiva do cliente.

3. Nos núcleos rurais onde non existan colectores de saneamento separativos (para a recollida de auga residual e auga pluvial), a acometida de saneamento unicamente poderá destinarse para a vertedura de auga residual. Quedando prohibido a vertedura de auga pluvial na acometida de saneamento.

#### **Artigo Cincuenta e dous**

Non se autoriza a construción de acometidas lonxitudinais para inmobles situados con fronte á vía pública, agás, excepcionalmente, cando os devanditos inmobles estean retranqueados.

#### **Artigo Cincuenta e tres**

As obras de construción e instalación dos colectores e acometidas de saneamento axustaranse nas súas características ás condicións e prescricións técnicas establecidas na Ordenanza municipal, a Normativa Urbanística do PXOM vixente e cantas normas de carácter municipal, autonómico ou estatal lle sexan de aplicación.

#### **Artigo Cincuenta e catro**

1. As obras de construción e instalación das acometidas desde a fachada do inmovible até a conexión coa rede de saneamento pública serán executadas polo concesionario conforme ao orzamento presentado ao construtor, propietario ou cliente interesado, e segundo o cadro de prezos autorizado polo Concello.

2. A sección das conducións, tipo de rexistros e demais características da

acometida rexeranse, polo demais, segundo as normas municipais de aplicación e as disposicións de planificación urbanística correspondente.

3. O concesionario poderá contratar con empresas capacitadas a execución da construción total ou parcial das acometidas, sen que poida, con todo, renunciar á dirección da obra e ao control de calidade da execución, da que será responsable final fronte ao Concello e ao propio cliente.

### **Artigo Cincuenta e cinco**

Toda acometida de rede de sumidoiros deberá dispor dun pozo de rexistro no encontro co colector principal ou ben unha arqueta construída sobre a acometida e pegada á fachada ou límite da propiedade.

Nas instalacións máis antigas de saneamento, onde puidese non existir rexistro, entenderase que a acometida finaliza, excepcionalmente, no colector xeral.

### **Artigo Cincuenta e seis**

1. Para proceder á execución da acometida de saneamento, o propietario do inmovible ou, no seu caso, o cliente deberá depositar previamente ao comezo das obras o importe íntegro do orzamento que, segundo o cadro de prezos aprobado polo Concello, realizaría o concesionario,

2. A liquidación final da obra axustarase ás medicións da obra realmente executada, que poderá supor, por tanto, unha liquidación complementaria a favor ou en contra do cliente, e que será feita efectiva pola parte debedora de forma inmediata.

### **Artigo Cincuenta e sete**

1. Previamente á conexión á rede pública de saneamento, o concesionario realizará as comprobacións que estime necesarias para controlar que o efluente previsto cumpre as condicións físico-químicas que se especifican neste regulamento, e que a instalación interior se axusta ás normas aplicables.

2. Se o cliente agochase datos ou enmascarase as características do efluente, serán de aplicación as actuacións de control e de posible suspensión do servizo que se reflectiron no artigo correspondente deste regulamento.

### **Artigo Cincuenta e oito**

1. Cando con ocasión da reforma, ampliación ou reparación dun edificio ou nave industrial, se incremente o número de vivendas, establecementos ou locais, ou varíen as condicións de vertedura, o propietario ou promotor estará obrigado a solicitar do concesionario as novas acometidas, en caso necesario, e a

modificación das pólizas de servizo a que se dera lugar. As novas acometidas executaranse polo concesionario con cargo ao propietario ou cliente e axustaranse ás normas e procedementos que se recollen neste regulamento.

As novas acometidas executaranse, polo concesionario, conforme aos criterios establecidos no Artigo 49.

2. No caso de que se descubrixe, polos servizos técnicos do Concello ou do concesionario, a realización de obras de saneamento non comunicadas ao Servizo, levantarase acta deste feito, propondo o concesionario ao Concello a actuación que corresponda.

A execución de obras de saneamento que supoñan a utilización non autorizada dos servizos regulados neste regulamento, tanto directa como indirectamente, e a ocultación de datos das acometidas, poderá motivar a inmediata suspensión do servizo e o cargo polo concesionario ao cliente ou usuario dun ano de utilización do servizo, ás tarifas vixentes.

### **Artigo Cincuenta e nove**

1. O concesionario non asume responsabilidade algunha polas filtracións, inundacións, afundimentos e, en xeral, calquera tipo de dano que se produza en propiedades particulares, como consecuencia do mal funcionamento de conducións que non estean integradas no sistema público de saneamento, aínda cando discorran polo viario público.

### **Artigo Sesenta**

1. A instalación de saneamento interior do inmoble deberá ser realizada polo promotor ou propietario, axustándose ao disposto nas Ordenanzas Municipais, Normativa Urbanística do PXOM vixente (rede separativa interior para adecuarse á rede separativa xeral), Código Técnico da Edificación, Decreto 141/2012 de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia e en toda a normativa vixente en cada momento para este tipo de instalacións.

2. En instalacións hostaleiras, grandes bloques de apartamentos e, en xeral, en todos aqueles edificios que poidan albergar un número importante de persoas, o concesionario poderá esixir a construción dunha arqueta decantadora de graxa e sólidos, no interior do inmoble e antes da acometida, para autorizar a súa vertedura. A este efecto, o concesionario redactará un informe técnico no que quedarán xustificadas as características construtivas da devandita arqueta.

3. Nas instalacións de tipo industrial, a infraestrutura de saneamento interior deberá dispor das instalacións de tratamento necesarias para garantir que o efluente reúne as condicións físico-químicas esixidas por este regulamento.

4. As operacións de limpeza, conservación e reparación das instalacións

particulares de saneamento, serán responsabilidade do cliente e deberá realizalas ao seu cargo.

### **Artigo Sesenta e un**

1. Nos casos en que, excepcionalmente, se concedan acometidas ou tomas de auga provisionais para obras, o concesionario indicará ao construtor ou solicitante, cando fose necesario, o punto autorizado para a vertedura das augas residuais.

2. O construtor e os usuarios desa acometida provisional absteranse de verter materia algunha que, por si mesma ou en reacción coa auga, poida provocar atascos e danos na condución de saneamento, sendo responsables dos danos en que puidesen incurrir.

3. A autorización de verteduras, conexións provisionais á rede de sumidoiros e utilización puntual da rede de saneamento pública será solicitada ao concesionario nos impresos que se faciliten por este, consignándose os datos necesarios para a identificación das verteduras que se pretendan. O concesionario aplicará os prezos que correspondan, deducidos da tarifa correspondente de saneamento.

## **II.2. Utilización do sistema público de saneamento e depuración**

### **Artigo Sesenta e dous**

1. As entidades xestoras dos sistemas de saneamento deben establecer os requisitos e características das conexións ao sistema, respectando o seguinte contido mínimo:

a) Planos da rede de desaugadoiro do interior do edificio en planta e alzado, a escala axeitada, detallando expresamente os sifóns xerais e a ventilación aérea.

b) Descrición das disposicións e dimensións adecuadas para un correcto desaugadoiro, especificando o material, diámetro e pendente lonxitudinal.

c) Instalación dun sifón xeral ou sistema semellante en cada edificio para evitar o paso de gases. Entre a acometida da condución e o sifón xeral do edificio dispórase dun tubo de ventilación, sen sifón nin peche.

d) Toda instalación que verta augas residuais non domésticas deberá situar, antes da conexión ao sistema e en todas e cada unha das conexións que posúa, unha arqueta de rexistro, se é posible fóra do recinto fabril, e en todo caso libre de calquera obstáculo e accesible en

todo momento aos servizos técnicos competentes para a obtención de mostras e medición de caudais.

e) Na devandita arqueta deberá disporse, cando o permiso de vertedura así o estableza, dun elemento de aforamento cun rexistro totalizador e instantáneo para a determinación exacta do caudal da efluente vertedura. Cando os volumes de auga consumida e os volumes de auga vertida sexan aproximadamente os mesmos, a medición da lectura do caudal de auga de abastecemento poderá utilizarse como aforamento do caudal vertido sempre que o sistema de medida de auga consumida permita obter caudais instantáneos.

2. Os establecementos non domésticos deberán unificar as verteduras xeradas nos distintos procesos produtivos minimizando na medida do posible, sempre que sexa técnica e economicamente viable, o número de puntos de conexión a colectores. No caso das augas pluviais, deberán aplicarse as oportunas técnicas de drenaxe urbana sustentable, de acordo coas instrucións técnicas para obras hidráulicas en Galicia, aprobadas por Augas de Galicia.

3. Os usuarios domésticos, públicos ou privados, tamén velarán polo cumprimento do contido do apartado anterior, coas excepcións igualmente establecidas, debidamente xustificadas e motivadas.

4. As obras de conexión ao sistema público de saneamento estarán suxeitas ás prescricións da normativa urbanística que resulte aplicable.

5. Todos os gastos derivados das actuacións de conexión ao sistema, así como os da súa conservación e mantemento, correrán a cargo de persoa usuaria, que é a responsable do seu mantemento.

6. Os criterios, metodoloxía, materiais, tipo de acometida e a súa execución deberán contar previamente coa autorización da entidade xestora da instalación receptora da vertedura.

7. Persoas usuarias que non estean suxeitas á obriga prevista neste regulamento de conectarse ao sistema de saneamento deberán dispor dun sistema propio de tratamento das augas residuais, e, no seu caso, da correspondente autorización de vertedura outorgada polo organismo de conca competente en razón do territorio.

### **Artigo Sesenta e tres**

1. Quedan obrigados a obter permiso de vertedura ao sistema público de saneamento e depuración de augas residuais e a respectar as prohibicións e limitacións establecidas nos Anexos I e II deste regulamento os seguintes usuarios:

a) Os usuarios non domésticos cuxa actividade estea comprendida nos correspondentes epígrafes da vixente CNAE-2009, aprobada polo Real decreto



475/2007, equivalentes aos epígrafes C, D, E e F do CNAE-93, segundo o cadros de equivalencias entre a CNAE-93 e a CNAE-2009 elaborados polo Instituto Nacional de Estatística, así como aquel outros usuarios non domésticos cuxo vertido sexa superior a 2.000 metros cúbicos anuais.

b) Os usuarios cun volume de vertedura inferior a 2.000 metros cúbicos anuais pero que orixinen contaminación especial nos termos do artigo 47.1.c) da Lei 9/2010, de augas de Galicia.

2. O resto de persoas usuarias cuxa actividade xere augas residuais domésticas quedan suxeitas ás regulamentacións que dite a entidade xestora e, en todo caso, ás prohibicións establecidas no Anexo I deste Regulamento.

## **Artigo Sesenta e catro**

1. Está prohibido:

a) A vertedura ao sistema de saneamento e depuración das substancias relacionadas no Anexo I deste regulamento, e en xeral de calquera substancia que poida causar efectos perniciosos na infraestruturas de saneamento, supoña riscos para as persoas ou molestias para a colectividade. Entre estas, e sen que a relación sexa exhaustiva, está prohibido a vertedura de substancias inmiscibles en auga, combustibles, inflamables ou explosivos; substancias tóxicas que poidan constituír riscos para a saúde dos operarios do saneamento ou provocar molestias públicas; materias susceptibles de provocar obstrucións na rede de saneamento tales como materiais de construción, desperdicios de animais, etc.; disolventes orgánicos e pinturas; refugallos con coloracións indesexables; refugallos radioactivos; e residuos catalogados como tóxicos e perigosos.

b) A dilución para conseguir os niveis de emisión que permitan a súa vertedura ao sistema, excepto nos supostos de emerxencia ou perigo inminente. Nestes supostos deberá realizarse a comunicación inmediata destas circunstancias ao concesionario, o cal deberá adoptar as medidas que no seu caso fosen pertinentes.

c) A vertedura de augas pluviais ao sistema cando poida adoptarse unha solución técnica alternativa.

d) A vertedura de augas brancas ao sistema.

2. As verteduras que conteñan substancias das relacionadas no Anexo II deste regulamento deberán respectar as limitacións que se establezan no permiso de vertedura, ou outras para substancias non especificadas no devandito anexo e que o concesionario considere a fin de protexer os sistemas de saneamento e depuración ou o medio a que verte. Naqueles parámetros do Anexo II para os cales non se especifiquen limitacións no contido do permiso de vertedura, as limitacións serán as especificadas en devandito anexo. O incumprimento desta

prohibición será sancionado conforme ao establecido neste regulamento e no artigo 85.b) da Lei 9/2010 de augas de Galicia.

3. A infracción do disposto nos dous parágrafos anteriores deste artigo, independentemente da adopción das medidas legais oportunas, dará lugar a que o Concello, e, por delegación, o seu concesionario, adopte as seguintes medidas:

a) a prohibición inmediata e total da vertedura cando se trate de substancias cuxo efecto prexudicial non poida corrixirse na estación depuradora.

b) a obriga de implantar o tratamento preventivo, por exclusiva conta do cliente, que reduza as concentracións dos elementos contaminantes aos límites permitidos.

4. O permiso de vertedura poderá establecer valores máis restritivos que os previstos no Anexo II deste regulamento, e así mesmo, poderá establecer limitacións de caudal respecto de parámetros específicos, todo iso en función da capacidade do sistema.

5. Cando o concesionario deba encargarse da xestión de estacións de depuración de residuais, haberá de determinar as substancias que poidan perturbar a boa marcha da instalación de depuración e o tratamento particular que deberá realizar, no seu caso, o cliente industrial, para que lle sexa permitido a vertedura á rede de saneamento público.

De acordo co Concello ou as Entidades Públicas competentes, a proposta do concesionario, o tratamento das verteduras industriais ou especiais nas estacións depuradoras estará suxeito á aplicación de tarifas específicas.

6. Os danos e prexuízos que puidesen derivarse dunha vertedura prohibida definido neste artigo serán imputados totalmente ao causante do mesmo, sen prexuízo das responsabilidades de tipo legal en que puidese incurrir.

7. Previa consulta do Concello, Augas de Galicia poderá adoptar limitacións diferentes das establecidas no apartado anterior cando, en aplicación das mellores técnicas dispoñibles, se consiga para unha mesma carga contaminante vertida ao sistema unha diminución do caudal vertido indicado na autorización correspondente mediante o emprego de sistemas de aforro de auga por parte do titular da mesma.

## **Artigo Sesenta e cinco**

1. Con independencia dos requisitos de carácter xeral, que son de obrigado cumprimento, os solicitantes de novas acometidas de saneamento para verteduras industriais deberán presentar ao Concello un proxecto contendo a descrición detallada das súas verteduras, indicando caudais, características físico-químicas e periodicidade. Á vista dos datos achegados, o Concello poderá

autorizar ou non a conexión á rede pública de colectores sen necesidade de tratamento corrector previo.

2. Se da valoración previa realizada polo concesionario, e posteriormente polo Concello, da documentación citada se desprendese que non é posible autorizar a vertedura e fose necesario establecer instalacións correctoras para adecualos aos límites permitidos, o Concello ou por delegación o concesionario comunicarllo ao interesado, ordenándolle as correccións a introducir e concedéndolle un prazo para executalas en función da envergadura das mesmas.

3. O prazo máximo para ditar resolución será de 6 meses desde que se reciba a solicitude de permiso de vertedura polo Concello. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución, a solicitude entenderase denegada.

4. O procedemento para a obtención do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento e depuración no caso das actividades comprendidas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, así como na normativa que sobre a materia aprobe a Comunidade Autónoma de Galicia, será o establecido nas mencionadas normas.

5. No caso de que as actividades non se atopen afectadas polo apartado terceiro, serán de aplicación as normas sobre o procedemento administrativo común.

## **Artigo Sesenta e seis**

1. A resolución de outorgamento do permiso de vertedura ditada polo Concello incluírá, como mínimo, os seguintes extremos:

a) Os límites máximos admisibles das concentracións contaminantes da vertedura, tanto en concentracións máximas instantáneas como en concentracións medias.

b) O volume da vertedura, indicado como caudal medio diario, caudal máximo diario e caudal máximo instantáneo xunto coa súa duración.

c) A obriga de instalar se así fose necesario, no prazo máximo de 6 meses desde a notificación da resolución, unha arqueta de inspección accesible coas características que se definan no permiso de vertedura.

d) Con carácter xeral e excepto por razóns xustificadas, os permisos de vertedura outorgaranse por un período máximo de 8 anos, renovables por idénticos períodos, por consentimento expreso e por escrito, do concesionario do sistema. Nos supostos do artigo 65.4, a vixencia do permiso someterase ao prazo da autorización ambiental integrada.

2. O permiso de vertedura ao sistema de saneamento poderá establecer ademais limitacións, condicións e garantías en relación con:

a) a obriga de instalar na arqueta de control un elemento de medida e rexistro do caudal vertido.

b) horario de vertedura.

c) definición das instalacións de tratamento previo da vertedura necesarias para conseguir as condicións de vertedura impostas en forma de concentracións e caudais, e prazo de execución das mesmas.

d) poderán establecerse excepcións temporais dos requirimentos do Anexo II, sempre que se aprobe un programa que garanta o seu cumprimento nun prazo determinado desde a notificación da resolución. Tamén poderán establecerse excepcións motivadas pola baixa saturación do sistema, tendentes a aproveitar ao máximo as súas capacidades de depuración e, no seu caso, delimitadas no tempo ou na carga.

e) realización de autocontrol por parte do titular do permiso.

f) a obriga de instalar os medios necesarios para a toma de mostras.

g) a realización de programas de seguimento da vertedura.

h) a obriga de remitir informes periódicos ao concesionario da explotación do sistema.

i) as demais que estableza o Concello e o propio concesionario.

3. A inspección, vixilancia e control do cumprimento das condicións da autorización de vertedura corresponde ao Concello, sen prexuízo da intervención de Augas de Galicia na súa función de alta inspección.

### **Artigo Sesenta e sete**

A execución das obras e instalacións de saneamento interiores, a súa conservación e garantía de correcto funcionamento estarán a cargo dos propietarios ou titulares da industria, podendo ser comprobado o seu estado por persoal do concesionario cando sexa necesario, en razón das garantías de control e bo servizo que está obrigado a subministrar.

### **Artigo Sesenta e oito**

1. Non se permitirá a conexión ás redes de auga nin ás de rede de sumidoiros ás industrias que non dispoñan de permiso, emitida en conformidade aos proxectos e informes técnicos presentados.

2. Se das comprobacións e análises que se efectúen ao efecto se determinase que os resultados do tratamento corrector non son os previstos no proxecto aprobado ou resultasen insuficientes, o usuario está obrigado a introducir as

modificacións necesarias para obter os resultados do proxecto inicial.

### **Artigo Sesenta e nove**

1. As análises e probas para comprobar as características das verteduras serán efectuadas por persoal facultativo da entidade xestora, cos seus medios ou os que fosen necesarios, de acordo cos métodos normalizados en vigor en cada momento.

2. O concesionario utilizará os procedementos normalizados polo Concello ou Administración competente para os casos máis frecuentes de homoxeneización, neutralización, identificación e almacenamento de substancias, análises das verteduras prohibidas, separación de graxas e aceites, decantación de sólidos, etc., podendo, no entanto, os interesados propor un sistema de control e identificación distinto, que deberá ser previamente aprobado pola Administración competente.

3. Os gastos das análises correrán a cargo do cliente, empresa ou particular que sexa causante das verteduras ou, no seu caso, encargase a realización das probas de identificación ou os seus contrastes.

### **Artigo Setenta**

Para a toma de mostras, exame e control das verteduras, o persoal do concesionario ou o designado polo Concello, verá facilitado polos donos ou titulares das industrias o acceso ás propiedades, dependencias e instalacións en que se produzan verteduras á rede de saneamento públicas, para realizar as medicións ou outros medios de comprobación que se estimen necesarios en relación co servizo.

### **Artigo Setenta e un**

O permiso de vertedura ao sistema de saneamento e depuración poderá ser revogado, previa audiencia ao seu titular, nos seguintes supostos:

- a) Como consecuencia da revogación do permiso ou licenza que permita o desenvolvemento da actividade que causa a vertedura.
- b) Por incumprimento dos requirimentos efectuados para adecuar a vertedura ás condicións establecidas no permiso de vertedura.
- c) Como consecuencia dunha sanción que leve implícita a perda do permiso.
- d) A non aceptación ou incumprimento das modificacións do permiso de vertedura impostas como consecuencia da súa revisión.

### **Artigo Setenta e dous**

1. Sen prexuízo do disposto na Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, o permiso de vertedura ao sistema de saneamento deberá revisarse, previa audiencia do interesado, cando se produza algún cambio significativo nas características da devandita vertedura, cando se alteren significativamente as circunstancias que motivaron o seu outorgamento ou cando sobreveñan outras circunstancias que de existir anteriormente terían xustificado a súa denegación ou o seu outorgamento en termos diferentes.

2. En todo caso, procederase á revisión do permiso de vertedura:

a) cando a carga contaminante vertida por unha actividade resulte significativa en relación co total tratado polo sistema e poida dificultar a súa depuración nas condicións axeitadas

b) cando o efecto aditivo de verteduras das mesmas características poida dificultar o tratamento do sistema nas devanditas condicións axeitadas

3. No caso de que a revisión comporte a modificación das condicións da vertedura ao sistema, o concesionario poderá conceder á persoa titular do permiso un prazo de adaptación que non excederá dun ano a contar desde a aprobación da revisión.

4. Se o titular da vertedura non realiza as modificacións no prazo que ao efecto lle indique o concesionario, este poderá declarar a caducidade da autorización de vertedura sen prexuízo da imposición das sancións oportunas.

5. En ningún caso a revisión do permiso de vertedura comportará para o seu titular dereito a indemnización algunha.

### **II.3. Verteduras non canalizadas**

#### **Artigo Setenta e tres**

1. Enténdese por verteduras non canalizadas aquelas que chegan ás estacións depuradoras de augas residuais a través de medios de transporte que non son nin tubos nin canles.

2. Calquera vertedura deste tipo ha de ser previamente autorizada polo concesionario, e ha de respectar as prohibicións e limitacións establecidas nos Anexos I e II deste regulamento.

3. Exceptúanse das obrigas do apartado anterior as verteduras procedentes de fosas sépticas ou das limpezas dos sistemas públicos de saneamento realizados pola concesionaria do servizo.

4. No caso de verteduras de fosas sépticas realizados por empresas alleas á concesionaria do servizo, hanse de respectar as prohibicións e limitacións establecidas nos Anexos I e II deste regulamento.

As empresas que realicen estes servizos han de estar previamente autorizadas pola Administración Autonómica como xestores de residuos sólidos urbanos e os residuos transportados non poderán ser procedentes doutro termo municipal que non sexa o de Narón. En calquera momento, persoal inspector da concesionaria poderá realizar unha toma de mostras da vertedura, conforme aos art. 80, 81 e 82 do presente regulamento.

5. As verteduras non canalizadas só se poderán realizar nas estacións depuradoras de augas residuais que dispoñan das instalacións adecuadas para a recepción e tratamento destas verteduras, e de todas as autorizacións correspondentes. En todo caso, a incorporación destas verteduras pautarase de acordo coas indicacións ao respecto diso do concesionario da estación depuradora, coa finalidade de evitar calquera alteración do proceso.

6. En ningún caso se poderán engadir estas verteduras non canalizadas en estacións depuradoras que se atopen próximas ao límite ou saturadas en canto á carga contaminante a tratar.

7. Atendendo a razóns técnicas derivadas do funcionamento das estacións depuradoras de augas residuais, o concesionario poderá suspender de forma temporal a actividade de recepción e tratamento do baleirado de fosas estancas domésticas ou asimilables. A frecuencia e horario de baleirado de fosas estancas determinarase polo concesionario, co fin de optimizar o funcionamento das instalacións.

Considéranse fosas estancas asimilables aquelas que, a pesar de non ter a súa orixe en vivendas, a contaminación presente na auga residual afluyente á fosa proceda exclusivamente do metabolismo humano.

No momento do baleirado o transportista presentará á entrada da EDAR o documento de identificación do contido transportado e a solicitude de aceptación do mesmo, modelo que será facilitado polo concesionario. Nel identificarase tanto ao transportista como a orixe do baleirado de fosas estancas domésticas ou asimilables.

Poderanse rexeitar os baleirados nos que o valor do pH ou da condutividade puidesen resultar prexudiciais para o tratamento da EDAR.

## **II.4. Situacións de emerxencia**

### **Artigo Setenta e catro**

1. Cada cliente ou usuario deberá tomar as medidas axeitadas para evitar verteduras potencialmente perigosas para a saúde das persoas ou a seguridade das instalacións que compoñen o sistema público de saneamento e depuración, así como para o medio receptor.

2. Cando por accidente ou erro de funcionamento das instalacións do cliente ou

usuario se produza unha vertedura que estea prohibida e que sexa capaz de orixinar unha situación de emerxencia e perigo tanto para as persoas como para o sistema de saneamento e depuración, o usuario ha de comunicar urxentemente a circunstancia producida ao concesionario así como ao número de emerxencias 112, ao obxecto de evitar ou reducir ao mínimo os danos que puidesen causarse.

### **Artigo Setenta e cinco**

1. Unha vez producida a situación de emerxencia, o cliente ou usuario utilizará todos os medios ao seu alcance para reducir ao máximo os efectos da descarga accidental.

2. O cliente ou usuario deberá remitir ao concesionario, no prazo máximo de 48 horas, un informe detallado do accidente, no que deberán figurar polo menos os seguintes datos: identificación da empresa, caudal e sustancias vertidas, causa do accidente, hora e data en que se produciu, descrición das medidas correctoras adoptadas, e hora e data en que se comunicou o suceso. O concesionario poderá solicitar do cliente ou usuario os datos necesarios para a correcta valoración do accidente.

### **Artigo Setenta e seis**

Os custos das operacións a que dean lugar os accidentes que ocasionen situacións de emerxencia ou perigo, así como os de limpeza, remoción, reparación ou modificación do sistema de saneamento e depuración, deberán ser pagados polo causante, con independencia doutras responsabilidades en que puidese incurrir.

### **Artigo Setenta e sete**

Cando as situacións de emerxencia poidan ser cualificadas de accidentes maiores a criterio da Axencia Galega de Emerxencias, ademais das normas establecidas no presente regulamento serán de aplicación as disposicións normativas vixentes en Galicia en materia de protección civil e xestión de emerxencias.

### **Artigo Setenta e oito**

1. Os permisos de verteduras á rede de saneamento quedarán sen efecto nos seguintes casos:

a) A petición do usuario, de non existir finalmente ocupación nin utilización da vivenda, local ou establecemento, o que suporá darse de baixa como cliente do abastecemento e, simultánea e consecuentemente, do saneamento.



- b) Por decisión das autoridades, como consecuencia de resolución xudicial ou administrativa, a proposta ou non do concesionario.

## **II.5. Inspección e control**

### **Artigo Setenta e nove**

Corresponde a Augas de Galicia a alta inspección dos sistemas de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia. En exercicio desa facultade, poderá levar a cabo cantos controis, ensaios e análises considere necesarios.

As funcións inspectoras que corresponden a Augas de Galicia poderán ser encomendadas ás entidades ás que se refire o Decreto 162/2010, de 16 de setembro, polo que se regulan as entidades colaboradoras da Administración Hidráulica de Galicia en materia de control de verteduras e calidade das augas. O auxilio destas entidades nas funcións de inspección limitarase ás actividades técnicas que non conleven o exercicio de autoridade.

As funcións de inspección que corresponden competencialmente a Augas de Galicia, ao Concello de Narón e ao concesionario deberán coordinarse ao obxecto de mellorar a eficiencia e o control dos sistemas de saneamento.

### **Artigo oitenta**

1. A actuación inspectora pode iniciarse de oficio, a iniciativa do Concello de Narón ou da concesionaria, ou por denuncia.

2. No exercicio da súa función, o persoal inspector debidamente acreditado poderá:

- acceder ás instalacións que consuman auga do abastecemento municipal e/ou xeren vertidos de augas residuais
- requirir información, documentación ou actuacións concretas para a adecuación e mellora das instalacións de subministración ou evacuación de auga
- proceder á toma de mostras ou ao control da vertedura de augas residuais
- proceder á toma de fotografías, sen prexuízo do disposto na normativa vixente sobre segredo industrial
- levar a cabo calquera outra actuación tendente a descubrir a orixe das verteduras, o seu grao de contaminación e a súa afección sobre os sistemas de saneamento e depuración

3. O persoal inspector está obrigado, durante o desenvolvemento das súas funcións, a:

- identificarse como tal e acreditar a súa condición de persoal inspector

- realizar a actuación inspectora en presenza do titular ou representante legal das instalacións, e en caso de ausencia, en presenza de calquera persoa relacionada coas mesmas facendo constar na acta a súa vinculación coas mesmas
- informar ao interesado, cando así sexa requirido, dos seus dereitos e deberes en relación cos feitos obxecto de inspección
- obter toda a información necesaria respecto do feitos obxecto de inspección e os seus responsables, accedendo se é necesario aos rexistros públicos existentes
- gardar sigilo profesional e secreto respecto dos asuntos que coñeza por razón do seu cargo
- comunicar as anomalías detectadas ao titular das instalacións

4. O interesado está obrigado a permitir o acceso do persoal inspector ás instalacións e a toma de mostras e medicións, e a proporcionar a información que se lle requira en relación cos feitos obxecto de inspección.

5. Non será obstáculo para a realización das actuacións a negativa ou imposibilidade da persoa titular ou representante de estar presente durante a súa práctica, sempre que así se faga constar nas actuacións que documenten a inspección.

## **Artigo Oitenta e un**

1. A actuación dos inspectores acreditados reflectirase nun documento que adoptará unha forma de acta, e na que constarán como mínimo os seguintes datos:

- identificación do persoal inspector
- identificación e localización do suxeito da inspección, da actividade industrial que realice, dos sistemas de abastecemento e depuración de que dispoña, e do permiso de vertedura se é o caso
- descrición da actuación inspectora
- no caso de toma de mostras de auga residual:
  - o descrición e localización do punto de vertedura, caudal vertido e parámetros a analizar
  - o advertencia de que os resultados analíticos obtidos da mostra tomada poderán utilizarse, se procede, para a incoación dun expediente sancionador
  - o ofrecemento do dereito do inspeccionado a solicitar os resultados das análises
  - o obrigas formais: constancia ou non da sinatura do interesado, da súa aceptación ou rexeitamento da mostra xemelga, e do libramento de copia da acta

E na que tanto o persoal inspector como o interesado poderán facer constar as observacións oportunas.

Unha copia desta acta, asinada polo inspector, entregáraselle ao cliente.

2. No caso de que o comparecente se negue a asinar a acta, ou, se é o caso, a

recibir a mostra contraditoria, o persoal inspector así o fará constar, autorizando a acta coa súa sinatura e entregando unha copia ao interesado, deixando igualmente constancia de se este se nega a recibila. Calquera destas negativas non afectará á tramitación e conclusións que se establezan posteriormente.

3. Os feitos constatados nas actas terán valor probatorio, cos efectos previstos no Art. 137.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións e do procedemento administrativo común.

4. No caso de que o levantamento ou sinatura da acta se produzan sen a presenza do cliente ou do seu representante, notificaráselle o documento a efectos de que poida presentar cantas alegacións e probas considere convenientes no prazo de 10 días.

5. Descuberta polo concesionario, ou por inspectores autorizados, a existencia de verteduras irregulares, levantarase acta de infracción, que será posta inmediatamente en coñecemento do Concello de Narón para a imposición das sancións administrativas ou a esixencia de responsabilidades a que haxa lugar.

### **Artigo Oitenta e dous**

A toma de mostra de augas residuais levarase a cabo de acordo co seguinte procedemento:

1. A mostra tomarase da arqueta de rexistro se existise, ou na súa falta, no último punto accesible de saída de augas residuais da instalación previo á incorporación á rede de saneamento.

2. A mostra tomarase nun recipiente en cantidade suficiente para poder dividila en tres submostras en senllos recipientes de material adecuado ás determinacións que se preveza realizar. Os recipientes enxaugaranse previamente coa mostra.

3. As mostras así obtidas precintaranse e identificaranse, quedando 2 en poder do inspector, a primeira para efectuar as análises e a segunda para a práctica dunha eventual análise dirimente, e a terceira ofrecerase ao interesado a efectos de que poida proceder, se o considera oportuno, á práctica da análise contraditoria. Se non puidese facerse cargo dela, ou a rexeitase, comunicaráselle o lugar no que a mesma queda á súa disposición.

4. A natureza dos envases, as súas condicións de preservación, así como os métodos analíticos dos diferentes parámetros figuran no ANEXO III do presente regulamento.

5. O volume mínimo a mostrear será de 2 litros por cada unha das submostras referenciadas no apartado anterior, agás que xustificadamente poida utilizarse un volume menor. Este volume subdividirase en senllos recipientes de 1 litro, sendo un de vidro e outro de plástico, en función dos parámetros a analizar.

6. Poderá prescindirse da toma de mostra para determinar as súas características contaminantes cando se trate de verteduras de natureza inequivocamente doméstica e o persoal inspector así o faga constar expresamente na acta.

### **Artigo Oitenta e tres**

1. A mostra da análise inicial e da contraditoria, debidamente conservada, deberá entregarse ao laboratorio correspondente no prazo máximo de 72 horas desde a toma de mostras a efectos de iniciar as análises no devandito prazo.

2. As análises da mostra inicial e contraditoria levaranse a cabo en laboratorios especializados.

3. O laboratorio que realice a análise inicial ha de entregar os resultados á entidade xestora no prazo de 30 días naturais desde a recepción da mostra, procedendo a entidade xestora a comunicarllos ao interesado no prazo de 10 días desde a devandita recepción.

4. O informe analítico, tanto da análise inicial como da contraditoria, ha de expresar data e hora de recepción da mostra, de inicio e fin da análise, así como os métodos analíticos empregados. No seu caso, farase constar igualmente o estado de conservación da mostra á súa chegada ao laboratorio.

5. O interesado poderá facer uso do dereito a realizar a análise contraditoria, estando no seu dereito de comunicar ou non o resultado do mesmo ao concesionario.

6. A práctica da análise dirimente, a solicitude de calquera das partes, levarase a cabo no laboratorio que designe o concesionario de entre aqueles acreditados de acordo coa Norma UNE-EN-ISO 17025. A mencionada entidade comunicará ao interesado con antelación suficiente o lugar, data e hora onde se levará a cabo, a efectos de que poida estar presente nas operacións, asistido, se o estima oportuno, de persoal técnico. En ningún caso se tomará en consideración a petición de análise dirimente transcorridos 2 meses desde a data de toma de mostras, ou cando non se realizou a análise contraditoria.

7. Os gastos xerados pola práctica da análise contraditoria corresponderán sempre ao interesado. Os gastos da análise dirimente corresponden á parte que o solicite.

## **II.6. Réxime de infraccións e sancións**

### **Artigo Oitenta e catro**

O réxime de infraccións e sancións relativas ás verteduras ao sistema público de saneamento e depuración, así como o réxime de medidas cautelares, é o

previsto no título VII da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia.

### **Artigo Oitenta e cinco**

1. A valoración de danos por verteduras de augas residuais ás obras hidráulicas será realizada polo concesionario e determinarase en función dos gastos de explotación, e no seu caso, de reposición das devanditas infraestruturas.

2. Os danos ás obras hidráulicas que conforman o sistema de saneamento e depuración calcularanse en euros/día, como resultado da ponderación do custo diario de explotación das instalacións públicas afectadas en relación co caudal e carga contaminante da vertedura que se trate.

3. O concesionario determinará, de acordo cos orzamentos aprobados ao efecto, os gastos de explotación repercutibles ao responsable da vertedura.

4. A valoración de danos que servirá de base para a cualificación da infracción, para a cuantificación da sanción e, no seu caso, da indemnización que deba imporse, resultará do cálculo ao que se refire o apartado segundo deste artigo multiplicado polo número de días que se considere que a vertedura se mantivo en situación irregular.

5. A efecto do disposto no apartado anterior, computaranse os gastos correspondentes a todo o período no que a instalación pública de saneamento ou depuración quedou afectada pola vertedura irregular, aínda se esta fóra de carácter illado. En calquera caso, considerarase que a vertedura irregular se mantivo ao longo, cando menos, dun día.

6. A valoración de danos deberá notificarse ao presunto infractor de forma simultánea co prego de cargos que se dite no correspondente expediente sancionador.

## **TITULO CUARTO. RÉXIME ECONÓMICO**

### **Capítulo I FACTURACIÓN, COBRO E INFORMACIÓN**

#### **Artigo Oitenta e seis**

1. É obrigatoria, sen excepción algunha, a verificación e precintado polo concesionario de todo equipo de medida, en canto as súas lecturas serven de base de liquidación das facturacións por consumo de auga. Este precinto oficial

garante:

- a) Que o contador pertence a un sistema aprobado.
- b) Que o seu funcionamento no momento da instalación é correcto.
- c) Que o seu mecanismo non sufriu modificación externa que puidese alterar o seu bo funcionamento.

2. O cliente nunca poderá manipular o equipo de medida nin no seu precinto, agás autorización escrita do concesionario. A súa instalación e precintado serán realizados sempre polo persoal do concesionario.

3. No caso de roturas de precintos, o dono farase responsable, facéndolle abonar unha liquidación da contía de fraude, que incluírá un consumo equivalente á capacidade nominal do contador do que dispoña a instalación ou, na súa falta, o que regulamentariamente corresponde ás instalacións utilizadas para a acción fraudulenta, cun tempo de oito horas diarias de utilización e durante un prazo que medie entre a data do último precintado ou a data de adquisición da titularidade ou dereitos de uso da instalación citada, e o momento en que se emendase a existencia da fraude detectada, sen que poida exceder, en total, máis dun ano.

### **Artigo Oitenta e sete**

Os equipos medidores de consumo serán verificados:

- a) Previamente á súa instalación na finca ou local a abastecer.
- b) Despois de toda reparación.
- c) Sempre que se estime necesario polo concesionario.
- d) Por disposición do Concello e das autoridades competentes.

### **Artigo Oitenta e oito**

É obriga do cliente a conservación en bo estado do equipo de medida e do recinto en que se aloxa, así como do acceso ao mesmo.

### **Artigo Oitenta e nove**

Como norma xeral, a determinación dos consumos que realice cada cliente concretarase pola diferenza entre as lecturas dos dous períodos consecutivos

de facturación.

### **Artigo Noventa**

1. Cando non sexa posible coñecer os consumos certamente realizados, como consecuencia de avaría no equipo de medida, ausencia do cliente no momento en que se tentou tomar a lectura, ou por causas non imputables ao concesionario, a facturación do consumo efectuarase de acordo ao consumo realizado durante o mesmo período de tempo e na mesma época do ano anterior. De non existir referencia, liquidaranse as facturacións segundo a media aritmética do seis meses anteriores.

2. Naqueles casos nos que non existan datos históricos para obter a media á que se alude no parágrafo anterior, os consumos determinarase en base á media que se obteña en función dos consumos coñecidos de períodos anteriores. Se tampouco isto fose posible, facturarase o consumo de 10 metros cúbicos mensuais para os usos domésticos e 30 metros cúbicos mensuais para os usos non domésticos.

3. Os consumos así estimados terán o carácter firme no suposto de avaría no contador, e de liquidación a conta nos restantes supostos, nos que, unha vez obtida a lectura real, regularizase a situación, por exceso ou por defecto, na facturación do seguinte período, descontando, do consumo total acumulado, a suma dos m<sup>3</sup> que se estimaron en cada período inmediatamente anterior sen lectura real.

4. No caso dos usuarios domésticos, se a falta de medición se debese á carencia de contador, notificarase ao abonado a necesidade de instalación do contador. Pasados tres meses desde o aviso, sen que se proceda á instalación do contador e sen alegar causa xustificada, a cota de consumo estimarase en 20 m cúbicos mensuais.

### **Artigo Noventa e un**

Os impostos, taxas, arbitaxes, dereitos, tributos ou gastos de calquera clase, establecidos ou que poidan establecerse polo Estado, Provincia, Municipio ou calquera Administración Pública, que graven dalgunha forma, ben a documentación que sexa necesario formalizar para subscribir un contrato de subministración, ou ben a subministración en si mesma, así como calquera outra circunstancia relacionada con esta, serán por conta do cliente.

### **Artigo Noventa e dous**

1. O cliente poderá facer efectivos os importes facturados polo concesionario nas súas oficinas, nas caixas de aforros, entidades de crédito ou outros establecementos ou oficinas autorizadas polo concesionario, ou ben a través da conta do cliente na entidade bancaria ou caixa de aforros que para o efecto

sinale. Igualmente, en casos excepcionais, o cliente poderá facer efectivo o importe do recibo mediante xiro postal ou outro medio similar, sempre coa conformidade previa e expresa do concesionario.

2. O abono dos recibos periódicos do servizo efectuarase preferentemente polo sistema de domiciliación bancaria, con oficina aberta no termo municipal ou, na súa falta, na oficina do concesionario en días hábiles e en horario de oficina.

3. En caso de devolución de recibos polas entidades bancarias, por causas imputables ao cliente, será por conta do mesmo a totalidade dos gastos que se produzan por motivo da devandita devolución, incluída a liquidación de intereses de demora correspondentes.

### **Artigo Noventa e tres**

1. O concesionario porá ao cobro os recibos facturados nos lugares que cada cliente deberá ter comunicado oportunamente, A domiciliación dos recibos, agás casos excepcionais, realizarase a través de entidades bancarias.

2. De non facer efectivo o recibo dentro do primeiros trinta días da súa presentación, procederase á recarga con liquidación de intereses de demora correspondentes, sen prexuízo do corte de subministración e das restantes accións legais que procedan, para facer efectiva a cantidade non satisfeita.

Transcorrido este prazo, o Concello ou a concesionaria, poderá suspender a subministración de auga ao cliente que teña a débeda e retirarlle definitivamente o servizo, dándoo de baixa por falta de pago.

3. Tanto as altas como as baixas de clientes liquidaranse por períodos dun mes, sen prexuízo de que a petición de alta ou baixa sexa atendida inmediatamente.

### **Artigo Noventa e catro**

O cliente poderá obter do concesionario calquera información relacionada coas lecturas, facturacións, comprobacións de contador, cobros, tarifas aplicadas e, en xeral, sobre toda cuestión relacionada coa subministración que se xerou nun período de dous anos anteriores á data de presentación da petición correspondente.

O concesionario disporá dunha oficina de información ao público dentro do centro urbano da cidade, a efectos de información e reclamacións.

### **Artigo Noventa e cinco**

1. O cliente terá dereito a reclamar a devolución de ingresos indebidos do concesionario. A devolución das cantidades percibidas indebidamente deberá ser inmediata, unha vez que se comprobe o erro de facturación, de medida, ou



calquera outra causa que os provocese. Se supera o prazo de 15 días, devengaranse intereses de demora.

2. Cando o cliente presente unha reclamación para a devolución de ingresos indebidos, expresará de forma clara e concisa os conceptos polos que reclama e os fundamentos de reclamación, e acompañaranse á mesma os xustificantes dos ingresos supostamente indebidos e calquera outra documentación que ao caso corresponda,

3. O concesionario queda obrigado a resolver a reclamación, o máis axiña posible.

### **Artigo Noventa e seis**

Non será atendida ningunha reclamación sobre consumo de auga que non sexa formulada polo cliente ou persoa que o represente legalmente.

## **Capítulo II FIANZAS, INSPECCIONES E SANCIONES**

### **Artigo Noventa e sete**

1. Para atender o pagamento de calquera posible descuberto ou dano nas instalacións do concesionario, imputable ao cliente, este estará obrigado a depositar na Caixa do mesmo, no momento de contratar o servizo, unha cantidade en concepto de fianza, igual ao importe de seis mensualidades da cota de servizo e da cota de consumo (10 metros cúbicos mensuais para usos domésticos e 30 metros cúbicos mensuais para usos non domésticos).

2. Os importes íntegros das fianzas seranlle devoltos aos clientes á extinción do contrato. Se existise responsabilidade pendente, cuxo importe sexa inferior ao da fianza, procederase á devolución da diferenza resultante.

### **Artigo Noventa e oito**

1. O concesionario está autorizado para vixiar as condicións e forma en que os clientes utilizan o servizo de abastecemento e saneamento.

2. A negativa a facilitar a entrada en horas hábiles ás persoas autorizadas polo concesionario para efectuar as devanditas comprobacións, xustificarse mediante a presenza dun axente da autoridade ao único efecto de que sexa testemuña da negativa. Nos casos en que non sexa posible lograr a súa presenza, bastará a xustificación mediante testemuñas.

3. Non será obstáculo para a realización das actuacións a negativa ou imposibilidade da persoa titular ou representante de estar presente durante a súa

práctica, sempre que así se faga constar nas actuacións que documenten a inspección.

4. Fóra do caso de incendios, que porán en coñecemento do concesionario dentro das vinte e catro horas posteriores ao sinistro, baixo ningún pretexto poderán os clientes ou quen os represente:

- a. Utilizar a auga para usos distintos aos estipulados na póliza de servizo.
- b. Vender ou ceder auga a favor dun terceiro.
- c. Deixar correr a auga sen necesidade.
- d. Abrir nin facer uso dos rexistros que pechan os aparellos de toma, chaves de paso ou outros servizos.
- e. Establecer ningún ramal entre a toma e o aparello que verifique o aforamento, nin facer derivación da instalación para outros locais ou vivendas diferentes ás consignadas na póliza

O incumprimento de calquera destes supostos daría lugar á aplicación do artigo 86.3 do presente regulamento.

## **Artigo Noventa e nove**

1. A actuación dos inspectores acreditados polo concesionario reflectirase nun documento que adoptará unha forma de acta, e na que quedarán reflectidos o nome e domicilio do cliente inspeccionado, día e hora da mesma, e os feitos contrastados.

Unha copia desta acta, asinada polo inspector, entregaráse ao cliente.

2. Os inspectores ao efecto deberán convidar ao cliente, persoal dependente do mesmo, familiar ou calquera outra persoa que poida actuar de testemuña a que presencie a inspección e asine a acta, podendo o cliente facer constar, coa súa sintaura, as manifestacións que estime pertinentes.

No caso de que o comparecente se negue a asinar a acta, o persoal inspector así o fará constar, autorizando a acta coa súa sinatura e entregando unha copia ao interesado, deixando igualmente constancia de se este se nega a recibila. Calquera destas negativas non afectará á tramitación e conclusións que se establezan posteriormente.

O cliente poderá dirixirse, posteriormente, aínda que dentro das corenta e oito horas seguintes, coas alegacións que estime oportunas, á Dirección do concesionario. Non se tomarán en consideración as manifestacións que non veñan asinadas polo cliente titular ou quen acredite a súa representación.

No caso de que o comparecente se negue a asinar a acta, o persoal inspector así o fará constar, autorizando a acta coa súa sintura e entregando unha copia ao interesado, deixando igualmente constancia de se este se nega a recibila.

## **Artigo Cen**

1. O concesionario, á vista da acta redactada e das alegacións interpostas, requirirá ao propietario da instalación para que corrixa as deficiencias observadas na mesma, co apercibimento de que, de non levalo a efecto no prazo de cinco días hábiles, aplicarase o procedemento sancionador establecido.

2. Cando polo persoal do concesionario se atopen derivacións nas súas redes con utilización de subministración sen convenio algún, é dicir, realizadas clandestinamente, o devandito concesionario poderá efectuar o corte inmediato da subministración, en tales derivacións, dando conta diso por escrito aos Organismos correspondentes con competencias en materia de Industria.

### **Artigo Cento uno**

1. O concesionario, en posesión da Acta, formulará a liquidación da fraude, distinguíndose, a efectos da facturación e as responsabilidades da fraude, os seguintes casos:

- a) Que non exista contrato algún para a subministración de auga.
- b) Que por calquera procedemento, se manipulara ou alterara o rexistro do contador ou equipo de medida.
- c) Que se realizaron derivacións de caudal, permanente ou circunstancial, antes dos equipos de medida.
- d) Que se utilice a auga para usos distintos dos contratados, afectando á facturación dos consumos segundo a tarifa a aplicar.

2. O concesionario practicará a correspondente liquidación, segundo os casos, da seguinte forma:

**Caso a.** Formularase unha liquidación por fraude que incluíra un consumo equivalente á capacidade nominal do contador que regulamentariamente correspondese ás instalacións utilizadas para a acción fraudulenta, cun tempo de oito horas diarias de utilización e durante o prazo que medie entre a adquisición da titularidade ou dereitos de uso das instalacións citadas, e o momento en que emendase a existencia da fraude detectada, sen que poida estenderse, en total, a máis dun ano.

**Caso b.** Se se falsearon as indicacións do contador ou equipo de medida instalado, por calquera procedemento ou dispositivo que produza un funcionamento anormal do mesmo, tomarase como base para a liquidación da contía da fraude a capacidade de medida do caudal nominal, computándose o tempo a considerar en oito horas diarias desde a data da última verificación oficial do contador, sen que este tempo exceda do ano, descontándose os consumos que durante este período de tempo fosen clientes polo autor da fraude.

**Caso c.** Se a fraude se efectuou derivando o caudal antes do contador, liquidarase como no caso primeiro, de non existir contrato de subministración, e sen facerse desconto pola auga medida polo contador.

**Caso d.** Neste caso, a liquidación da contía da auga utilizada en forma indebida practicarase en favor do concesionario, aplicando ao consumo e á cota de servizo a diferenza existente entre a tarifa que en cada período correspondese ao uso real que se lle está dando á auga, e as que, no devandito período, se aplicaron en base ao uso contratado. O devandita liquidación non poderá ser computada en máis de catro anos.

3. En todos os casos, o importe da fraude deducida de acordo aos preceptos establecidos nos parágrafos anteriores, estará suxeito aos impostos que lle fosen repercutibles, debéndose consignar a contía dos mesmos nas correspondentes liquidacións.

4. As liquidacións que formule o concesionario serán notificadas aos interesados que, contra as mesmas, poderán formular reclamacións ante o Organismo competente en materia de consumo, no prazo de quince días a contar desde a notificación da devandita liquidación, sen prexuízo das demais accións en que se consideren asistidos.

## **Artigo Cento dous**

Toda actuación, comportamento ou conduta que incumpra a normativa deste regulamento, dará lugar á imposición de sancións aos infractores, conforme ao previsto neste regulamento e na normativa sectorial aplicable, sen prexuízo e con independencia da esixencia de danos e prexuízos, e das responsabilidades de orde penal que procedesen.

## **Disposicións finais.**

Deróganse cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao preceptuado neste regulamento.

O presente regulamento entrará en vigor unha vez sexa publicado o seu texto íntegro definitivo no Boletín Oficial da Provincia.

**Aprobación Pleno do Excmo. Concello de Narón**

**Publicación no B.O.P.**

**Publicación texto refundido no B.O.P**

## ANEXO I. Verteduras prohibidas

- a) Materias sólidas ou viscosas en cantidades ou tamaños tales que, por si soas ou por integración con outras, produzan obstrucións ou sedimentos que impidan o correcto funcionamento do sistema ou dificulten os traballos da súa conservación ou mantemento
- b) Disolventes ou líquidos orgánicos inmiscibles na auga, combustibles ou inflamables
- c) Aceites e graxas flotantes sólidas ou semisólidas
- d) Substancias sólidas potencialmente perigosas
- e) Gases ou vapores combustibles ou inflamables, explosivos ou tóxicos ou procedentes de motores de explosión
- f) Materias que, por razón da súa natureza, propiedades ou cantidades, por si mesmas ou por integración con outras, poidan orixinar:
  - 1. Calquera tipo de molestia pública
  - 2. A formación de mesturas inflamables ou explosivas co aire
  - 3. A creación de atmosferas molestas, insalubres, tóxicas ou perigosas que impidan ou dificulten o traballo do persoal encargado da inspección, limpeza, mantemento ou funcionamento do sistema
  - 4. A coloración das augas residuais de tal modo que non se poidan eliminar con ningún dos procesos de tratamento usuais nas estacións depuradoras
- g) Materias que, por si mesmas ou a consecuencia de procesos ou reaccións que teñan lugar dentro da rede, teñan ou adquiran calquera propiedade corrosiva capaz de danar ou deteriorar os materiais do sistema ou prexudicar ao persoal encargado da súa limpeza e conservación
- h) Residuos de natureza radioactiva
- i) Residuos industriais ou comerciais que, polas súas concentracións ou características tóxicas ou perigosas, requiran un tratamento específico ou un control periódico dos seus efectos nocivos potenciais
- j) As verteduras que por si mesmas ou a consecuencia de transformacións químicas ou biolóxicas que se poidan producir na rede de saneamento dean lugar a concentracións de gases nocivos na atmosfera da rede de sumidoiros superiores aos seguintes límites:
  - 1. Dióxido de carbono: 15.000 ppm
  - 2. Dióxido de xofre: 5 ppm
  - 3. Monóxido de carbono: 25 ppm
  - 4. Cloro: 1 ppm
  - 5. Ácido sulfhídrico: 10 ppm
  - 6. Ácido cianhídrico: 4,5 ppm
- k) Residuos sanitarios definidos na normativa vixente na devandita materia
- l) Residuos sólidos ou semisólidos xerados por sistemas de saneamento e depuración
- m) Residuos de orixe pecuaria

## ANEXO II. Verduras limitadas

Parámetro	Valor límite	Unidades
pH	5,5 - 9	
1,2 Dicloroetano	0,40	mg/l
Aceites e grasas	100,00	mg/l
Aldehídos	2,00	mg/l
Aluminio	10	mg/l
Amoníaco	30,00	mg/l
AOX <sup>(1)</sup>	2,00	mg/l
Arsénico	1,00	mg/l
Bario	10,00	mg/l
Boro	3,00	mg/l
BTEX <sup>(2)</sup>	5,00	mg/l
Cadmio	0,10	mg/l
Chumbo	1,00	mg/l
Cianhídrico	10,00	cc/m3 de aire
Cianuro	0,50	mg/l
Cianuro disolto	1,00	mg/l
Cloro	1,00	cc/m3 de aire
Cloruros	2.000,00	mg/l
Cobre	3,00	mg/l
Conductividade eléctrica (25° C)	5.000,00	μS/cm
Cor	Inapreciable en dilución 1/30	
Cromo hexavalente	0,5	mg/l
Cromo total	2,00	mg/l
DBO5	500,00	mg/l
DQO	1.000,00	mg/l
Dióxido de xofre	15,00	mg/l
Estano	3,00	mg/l
Fenoles totais	1,00	mg/l
Ferro	10,00	mg/l
Fluoruros	10,00	mg/l

Parámetro	Valor límite	Unidades
Fosfatos	60,00	mg/l
Fósforo total	40,00	mg/l
Hidrocarburos	15,00	mg/l
Hidrocarburos aromáticos policíclicos	0,20	mg/l
Manganeso	5,00	mg/l
Materias inhibidoras	20,00	equitox
Mercurio	0,01	mg/l
Níquel	2,00	mg/l
Nitratos	50,00	mg/l
Nitróxeno amoniacal	30,00	mg/l
Nitróxeno total Kjeldahl	40,00	mg/l
Nonilfenol	1,00	mg/l
Percloroetileno	0,40	mg/l
Pesticidas	0,10	mg/l
Praguicidas totais	0,10	mg/l
Selenio	0,50	mg/l
Sólidos en suspensión	500,00	mg/l
Sulfatos	400,00	mg/l
Sulfhídrico	20,00	cc/m3 de aire
Sulfuros disoltos	0,30	mg/l
Sulfuros totais	1,00	mg/l
Temperatura	30,00	°C
Tensioactivos aniónicos <sup>(3)</sup>	6,00	mg/l LSS
Triacinas totais	0,30	mg/l
Tributilestano	0,10	mg/l
Triclorobenceno	0,20	mg/l
Zinc	2,00	mg/l

- (1) Poderán observarse valores superiores de AOX naqueles casos nos que se cumplan os valores de organoclorados individualizados deste Anexo II
- (2) Suma de benceno, tolueno, etilbenceno e xileno
- (3) Substancias activas co azul de metileno expresadas como lauril sulfato sódico (LSS)

## ANEXO III. Condicións de preservación de mostrás e métodos analíticos

Parámetro a analizar	Tipo de envase <sup>(1-2)</sup>	Técnica de conservación <sup>(3)</sup>	Método analítico <sup>(4)</sup>
Temperatura		Para realizar <i>in situ</i>	Termometría.
PH	Indiferente	-	Potenciometría.
Conductividade	Indiferente	Refrixeración	Conductimetría.
Sales solubles	Indiferente	Refrixeración	Conductimetría. Gravimetría.
Materias en suspensión (MES)	Indiferente	Refrixeración	Filtración en discos de fibra de Vidro (norma UNE ou similar).
Demanda química de osíxeno (DQO)	Indiferente (Vidro no caso de valores baixos)	Acidificación hasta pH<2 con H <sub>2</sub> SO <sub>4</sub> e Refrixeración	Método del dicromato potásico. Norma UNE 77-004-89 ou similar.
Demanda bioquímica de osíxeno (DBO <sub>5</sub> )	Indiferente (Vidro no caso de valores baixos)	Refrixeración	Método manométrico. Método de dilucións.
Aceites e graxas e/ou hidrocarburos totais	Vidro	Acidificación hasta pH<2 con H <sub>2</sub> SO <sub>4</sub> ou HCl	Gravimetría. Espectrofotometría infravermella (IR). Cromatografía de gases (CG).
Materias inhibidoras (toxicidad)	Vidro	Refrixerar ou conxelar en función do tempo de almacenaxe previa á análise	Inhibición de luminiscencia de Vidro Fischeri (norma UNE-EN-ISO 11348-3).
Resto de parámetros (N-NH <sub>4</sub> , NTK, N-NO <sub>3</sub> , SO <sub>4</sub> -3 etc.) agás os descritos a continuación	Indiferente	Refrixeración	Espectrofotometría UV-Visible. Cromatografía iónica (CI). Potenciometría etc.
Cianuro	Indiferente	Adición de NaOH até pH>12, Refrixeración na escuridade	Espectrofotometría UV-Visible o potenciometría previa destilación.
Fósforo total	Vidro	Refrixeración	UV-Visible previa dixestión. ICP-Masas.
Cloruros	Indiferente	-	Volumetría. Potenciometría. Cromatografía iónica (CI).
Fluoruros	Plástico	-	Potenciometría UV-Visible Cromatografía iónica.
Metais pesados (agás mercurio e cromo VI)	Plástico ou Vidro lavado con HNO <sub>3</sub>	Acidificación até pH<2 con HNO <sub>3</sub>	Absorción atómica, ICP-Masas. ICP-Óptica (OES).
Mercurio	Plástico ou Vidro lavado con HNO <sub>3</sub>	Acidificación até pH<2 con HNO <sub>3</sub> e Refrixeración a 4°C	Absorción atómica por vapor frío. ICP-Masas.
Cromo VI	Indiferente	Refrixeración	UV-Visible.
Sulfuros	Plástico ou Vidro	Refrixeración e adición de 4 pingas de acetato de Zn 2N/100 ml de mostrás e NaOH até pH>9	Espectrofotometría UV-Visible. Cromatografía iónica.
Fenoles totais	Indiferente	Refrixerar e acidificar até pH<2 con H <sub>2</sub> SO <sub>4</sub>	

- (1) De acordo coas condicións de conservación establecidas no Standard Methods for the examination of water and wastewater. 20th Edition
- (2) De acordo coas condicións de conservación establecidas no Standard Methods for the examination of water and wastewater. 20th Edition
- (3) Os volumes tomados para cada parámetro dependerán da concentración do contaminante a determinar e da técnica analítica asociada. En todo caso, o laboratorio encargado da determinación analítica fixará o volume necesario de mostra en función dos seus procedementos de traballo
- (4) Os métodos analíticos a seguir para a determinación de cada un dos parámetros estarán baseados en normas UNE-EN, EN, UNE ou en metodoloxía aceptada internacionalmente.